

## láncara

O Goberno local elabora dúas ordenanzas fiscais para regular a ocupación da vía pública. **Páx. 14**

## triacastela

A vila contará con tres pasteiros nos montes da Balsa, San Breixo e Cancelo. **Páx. 15**

## o páramo

O BNG denuncia a situación na que está o centro de saúde da localidade. **Páx. 16**

## samos

O Goberno local segue realizando melloras na vida da veciñanza. **Páx. 17**

## paradela

Entregados os premios XXVIII Certame Literario Manuel Oreste Rodríguez López. **Páx. 18**

## Asentamento industrial

O Partido Popular pide promover o asentamento de empresas no polígono de Morelle para o desenvolvemento de Sarria



## Os orzamentos da Xunta en detalle

Analizamos as contas da Xunta previstas para 2024, que entraron en vigor o 1 de xaneiro. **Páx. 8-9**

## A carreira polo trono da Xunta de Galicia

O 18 de febreiro habrá eleccións e a data coincide coa celebración do Entroido. **Páx. 10**

## A oposición fala



Efrén Castro fala sobre o presente e o seu labor no Concello. **Páx. 6**

## Asociación Fanagueiros



Falamos con Toni Rodríguez, presidente da asociación do Incio. **Páx. 19**

## Regreso ao fútbol



Os equipos da provincia prosiguen coa Liga despois do descanso de Nadal. **Páx. 22**

## Aprobado o Plan Deputación por 21,7 millóns

O novo documento substitúe ao Plan Único para as axudas aos 67 concellos. **Páx. 21**

**CUCHILLA MAÍZ LATERALES ABATIBLES MODELO MEIRA**

**CUIDAMOS EL BIENESTAR ANIMAL**

**ENCAMADORA DE CUBÍCULOS DE 0,7m³, 1m³-1.7 m³ Y 2.1m³**

**CUCHILLA MAÍZ MODELO CORISTANCO**

**ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO DE RECAMBIO AGRÍCOLA**

**RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS AUTONIVELANTES DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR. TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.**

**¡CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO!**

**EXTENDEDOR DE SILO MODELO VIMIANZO CON BOMBOS GALVANIZADOS DE Ø 80/225 E Ø 100/240**

**www.corbarsil.com**

**MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsil.com**

## SARRIA

## Os usuarios de garaxes deberán identificalos coa placa de vao permanente



O Concello de Sarria abre un período de regularización voluntaria dos garaxes dos veciños e veciñas da vila que teñan que entrar e saír cos seus vehículos pola beirarrúa e que non conteñen placa de vao permanente.

Así, o alcalde, Claudio Garrido, lembrou que os usuarios destes garaxes teñen a obriga de solicitar ata o 5 de febreiro, e obter por parte do Concello, a acreditación, identificada coa placa de vao permanente, para poder utilizalos.

Esta iniciativa ponse en marcha despois de detectar a existencia de garaxes que non cumpren co mandato municipal, e o rexedor aproveitou para lembrar que ningún vehículo pode conducir polas beirarrúas nin polo resto de zonas peonís.

O Goberno local tamén estableceu que os propietarios dun inmovible ou leira que non teñan a autorización, pero que continúen permitindo a entrada e

saída de vehículos a través das beirarrúas, terán inhabilitado o punto de acceso á vía pública por parte do persoal municipal ou da Policía Local.

**TAXA.** O Concello de Sarria tamén iniciou o proceso de regularización do padrón municipal de recollida de residuos sólidos urbanos para dar de alta os inmoibles que non pagan por este servizo, que durará ata o 5 de febreiro.

O Goberno local lembra que o servizo de recollida de residuos sólidos urbanos é de recepción obrigatoria polo seu carácter hixiénico-sanitario e só os propietarios de vivendas ou locais en estado ruinoso están exentos de pagar a taxa.

Calquera persoa titular de calquera dereito de ocupación dos inmoibles situados na zona de cobertura do servizo deberá adherirse ao programa do Concello, se non, este actuará de oficio.

## O Goberno local non consegue aprobar algunhas taxas municipais

Durante o último Pleno do ano, Claudio Garrido, alcalde de Sarria, non conseguiu aprobar as taxas municipais conforme ao IPC que propuxera, xa que os demais partidos da oposición votaron en contra.

En total, revisáronse á alza os impostos dun total de sete servizos: a taxa da residencia nun 16,70 %, a taxa da escola de música nun 21,40 %, a taxa da rede de sumidoiros nun 21,40 %, a taxa da auga nun 20,80 %, a taxa da piscina nun 21,40 %, a taxa do lixo nun 20,80 % e a taxa do matadoiro nun 20,80 %.

Os concelleiros do PP denunciaron a “brutal” suba de taxas que quixo impoñer e aprobar o alcalde, Claudio Garrido. Carmen José López explicou que “se trata dunha suba xeneralizada de arredor dun 20 %, unha medida que o alcalde pretende aprobar sen diálogo nin consenso”.

Isto tamén foi criticado desde o PSOE a través do seu voceiro, Benjamín Escontrela, quen cualificou esta suba como “xeralizada e abusiva”. “Fixérono de golpe e sen consensuar coa oposición”, denuncia Escontrela, a quen lle parece grave que o alcalde “logo de anos de conxelar os impostos locais apelando á responsabilidade social, cargue agora desta forma contra os veciños e veciñas, aos que lles vai subir en torno ao 20,8% en todos os servizos”.

Así, desde o PP destacan ademais o chamativo que resulta que pretenda subir a taxa da residencia de maiores tan só tres meses despois de ter realizada unha subida previa no Pleno de setembro cos votos favorables dos concelleiros de Camiña Sarria e



do BNG. Pola súa parte, o PSOE engade que “o da residencia é un escándalo, porque é a segunda vez que se suben as taxas desde o mes de setembro”, expón o voceiro, que reprocha que en tres meses os impostos desta dotación social fundamental para o municipio se encareceron en preto de 600 euros para as persoas con maior grao de dependencia e en máis de 400 para aquelas con máis autonomía.

Ademais, Escontrela sostivo que “sempre defenderemos que se dea un bo servizo, iso ten que ser unha prioridade, pero os veciños e as veciñas de Sarria non poden pagar unhas taxas como se a residencia fora nova porque non o é. O inmovible está completamente obsoleto”.

Finalmente, Carmen José López denunciou a “nula capacidade de comunicación e de diálogo” de Claudio Garrido, xa que “non se comunicou esta suba aos veciños, como tampouco se buscou o consenso cos grupos da corporación, polo menos non co do Partido Popular, pese a ser un goberno en minoría”.

**PLENO.** Coas opinións en contra do PP e do PSOE, no Pleno aprobouse a actualización das taxas da auga e a rede de sumidoiros cos votos a favor do BNG e as abstencións do PSOE e do PP. Esta proposta, ademais, tiña que facerse porque existe unha sentenza xudicial que obriga ao Concello a facelo.

E tamén se aprobou unha modificación nos prezos públicos da residencia de maiores, que pasarán a ser de 1.302 euros para persoas sen dependencia e de 1.690 para persoas con dependencia grazas ao voto de calidade a favor do alcalde e o logo de votar sen que estiveran todos os concelleiros, “unha falta de delicadeza por parte do alcalde, e do que se aproveitou para impoñer as novas taxas da residencia”, sosteñen desde o PSOE.

Por outra banda, aprobouse a modificación puntual do proxecto para recualificar o asentamento industrial de San Xulián e unha moción do PP para instar ao Sepes a revisar as condicións para a segunda fase do polígono do Morelle.

**PREFABRICADOS  
Y HIERROS  
TOURÓN**

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en uralitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados



**NUEVO  
SERVICIO:  
PLANTA DE  
HORMIGÓN**



Móvil: 692 946 694

629 817 933

comercial@hormigonesartai.com

**Prefabricados y Hierros  
TOURON, S.L.**

Vilar de Sarria, 34

27614 Sarria - Lugo

Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501

Móvil: 629 802 700 - 629 817 933

email: hierrostouron@gmail.com

## O PP pide promover o asentamento de empresas no polígono de Morelle

Os populares de Sarria urxen ao Goberno local a negociar co Goberno o Estado condicións que favorezan o desenvolvemento da ampliación do polígono do Morelle "para que as empresas non teñan que marcharse do municipio por falta de solo industrial".

Concretamente, instan ao alcalde a negociar condicións asumibles para asentar empresas no polígono do Morelle cos responsables do SEPES (Entidad Pública Empresarial de Suelo), a entidade propietaria do solo industrial e encargada de executar a segunda fase do polígono, que depende do Goberno de España".

A voceira, Carmen José López, sinala que as condicións que fixou o SEPES e que o alcalde aceptou son "absolutamente inasumibles para o desenvolvemento de industria en Sarria, tal e como se ten posto de manifesto polo sector empresarial



de forma reiterada", critica. Actualmente, o prezo é de 70 euros o metro cadrado, un custo "inasumible e desorbitado con respecto aos polígono do resto da provincia e dificulta a atracción de empresas coas que fixar industria e postos de traballo en Sarria", concreta López. Nese sentido, a voceira popular considera que "Sarria non pode seguir atascada industrialmente

porque o SEPES queira enriquecerse, á vista dunhas condicións para a adquisición de solo absolutamente fóra da realidade e do mercado que imposibilitan que os empresarios reserven un mínimo do 50% do terreo dispoñible, que era a condición establecida no seu momento para iniciar as obras de urbanización da segunda fase do polígono".

## O IES de Sarria resulta premiado no certame Novos Poliedros

Na edición 2023 de Novos Poliedros resultaron gañadores sete institutos procedentes das catro provincias galegas. Entre eles atópase o IES de Sarria que acadou un accesit.

Este concurso, que homenaxea a figura de Evarist Galois, creador do concepto de grupo e da simetría científica, busca incentivar entre a rapazada o interese pola ciencia, en particular pola xeometría e pola simetría, amosándolle a súa importancia no estudo do universo, da estrutura química ou dos seres vivos, ao tempo que promove o uso da lingua galega entre a mocidade. A partir dunha listaxe de poliedros, os centros participantes elixiron e reproduciron un ou varios deles utilizando o material que tivesen da súa



man, desde impresoras 3D ata simples cartolinas e, finalmente, nomeárono cun nome orixinal en galego.

Os vídeos cos proxectos gañadores poden consultarse na páxina web de IGACIENCIA.

## Remata a demolición do edificio da rúa Calexa tras 8 meses de traballos

A demolición do edificio de sete plantas e 48 vivendas da rúa Calexa de Sarria vén de ser rematada, despois de pasar 8 meses desde o seu inicio.

A empresa encargada dos traballos de demolición, Excavaciones J. Carreira, instalará no solar que queda un peche perimetral con postes de tela metálica co que se dá fin a moitos meses de traballos que definen como "complicados".

Desde a empresa, din que os traballos pasaron por dificultades porque o edificio "estaba moi ben construído,



o mellor de cantos levamos demolidos, que son moitos", explicaron.

Así, aumentouse o tempo de execución da demolición, xa que ao principio estaba programado para demolerse nuns catro meses e, finalmente, foi o dobre de tempo. Tamén incrementaron os gastos, xa que ao principio o orzamento era de 280.000 euros e, finalmente, gastáronse 350.000.

Demolido o edificio, agora o proxecto do solar será resolver a urbanización dese tramo da rúa Calexa e conectar as augas de escorrentía.

## A veciñanza xa pode participar na campaña de compostaxe doméstica

O Concello organiza unha campaña de compostaxe doméstica para promover a reciclaxe dunha forma interesante para o medio ambiente a través duns composteiros e aireadores de uso doméstico. Concretamente, esta iniciativa ten como finalidade a minoración do depósito de residuos orgánicos de orixe doméstico depositados nos colectores xenéricos, ao tempo que se fomenta obtención de

compost orgánico para o seu uso como abono en hortas e xardíns, reducindo dese xeito o uso de fertilizantes químicos.

Así, poñen a disposición das persoas interesadas estes composteiros de maneira gratuita, que poderán adquirir inscribándose na páxina web do Concello ou chamando ao teléfono 647 521 464 ou ben enviar un correo a [residuos@sarria.es](mailto:residuos@sarria.es).


ESPECIALIZADOS EN  
**Podología Deportiva, Infantil**

(Estudios Biomecánicos y posturales con análisis informatizados de la pisada en la marcha y la carrera)

**Quirocirugías y Quiropodias** (uña encarnada, helomas, papilomas)

**Ortonixia** (corrección y reeducación de uñas encarnadas)

**NUEVO ANÁLISIS POSTURAL Y DINÁMICO EN 3D. ÚNICO EN GALICIA**



**Tratamientos con LÁSER de DIODO última generación**

- Pie y tobillo (algias). Tratamiento antiinflamatorio y postquirúrgico (fascitis plantares, talaalgias, artritis, artrosis, esguinces, metatarsalgias...)
- Onicomicosis (Hongos de uñas)
- Cirugías (Uñas, Papilomas) Helomas (callos)
- Cicatrización úlceras Pie Diabético

# “Hai xente que chama e nin pregunta o prezo, piden e imos”

Juan Carlos González, xerente da empresa Albisar Construcciones y Cubiertas

## Cando nace esta empresa?

Todo empezou en 2005, cando montei a empresa sendo eu autónomo. Levaba moitos anos traballando na construción e así empecei, porque é o que fixen toda a vida. Os principios foron duros, e foi complicado conseguir a clientela, pero en pouco tempo collín un traballador e fomos empezando e despois os clientes aumentaron, a xente empezou a confiar. Así, chegamos ao que somos hoxe, unha empresa de construcións, reformas e cubertas, de rehabilitacións de vivendas e edificios e de obra nova. Facemos todos os traballos de albanaría, carpintería, electricidade e fontanería e somos unha referencia na comarca de Sarria e na provincia de Lugo.

## Que tipo de ferramentas usan?

Temos moitos equipos, xa que facemos demolicións, polo que temos máquinas que entran en casas para demoler estruturas, é

dicir, sen picar, unha demolición pequena en vivendas, pero non industrial. Ademais, temos ampla variedade de camiós, 5 en concreto, dumpers sobre eirugas e camiós grúa, góndolas para transportar maquinaria e unha escavadora Centaurus.

## Como é o traballo do día a día?

Nós traballamos en naves avícolas na Coruña, en Ourense, en Cambados... non só en Lugo provincia, imos onde nos chamen. O noso forte é na nosa zona, na comarca de Sarria e en Lugo provincia. Facemos obra pública no Incio, en Bóveda, para a Deputación, traballamos para albergues de turismo... Ao que máis nos dedicamos é a rehabilitación de casas antigas, pero tamén fixemos cousas de patrimonio, como a cuberta de igrexas, rehabilitación da reitoral de Barbado... Agora temos o ano 2024 cheo de obras, non temos ningún espazo para atender a máis encargos. Somos

22 traballadores e outros canteiros e autónomos. Ademais, temos xente con formación e temos tres empregados con carné de grúa torre. Temos 6 ou 7 persoas que son camioneiros e maquinistas, que traballan na construción e tamén andan con máquinas; logo está o persoal de interiores, que só traballa nos interiores e rematan as obras. Logo están os que fan as estruturas e a obra exterior, e despois a xente encargada das cubertas, que cando non hai que facer cubertas, traballan facendo de todo.

## Como era o traballo antes e como é agora?

Agora é moito máis difícil subsistir, porque o mercado está como está. É difícil axustar os prezos porque subiron e a xente está acostuada a uns prezos e ti telos que subir. Aínda así, seguimos adiante a pesar de todas as dificultades. Ademais, hai falta de profesionalidade e de persoal, vén xente de fóra á



construción que non ten carreira, que ten que traballar pero non sabe se lle gusta. Nós todos os traballadores que temos aprenderon aquí, que é un esforzo da empresa porque tes que ensinar e apostar, e iso custa diñeiro e esforzo; pero eu estou contento co persoal que teño, os clientes saben que temos xente válida que saca o traballo adiante e é un orgullo, porque pelexei por que a xente puidera traballar e aprendera.

## Como é a relación cos clientes?

É moi boa, temos clientes de toda a vida. Hai xente que chama e nin

pregunta o prezo, pide o que quere e imos. Nós ao saber como é o cliente e el como é a empresa xa facemos todo. Imos por diante, damos a cara e explicamos todo. Hai xente que é máis afin á empresa e outra que non tanto, pero normalmente a onde vamos, volvemos. O trato é próximo, moi familiar, tratamos de que a xente quede contenta e o máis agradecida posible, aínda que non é fácil o tema das obras e da construción, ti tes un proxecto e ben, pero se non o hai, hai que sacar o traballo adiante coa túa profesionalidade, e a xente tamén o valora.

## Diversos grupos de rock visitarán o Buril

Este vindeiro 12, venres, e 13, sábado, o Buril acolle dous eventos.

Así, o venres 12 virán Abysmal Sludge desde A Coruña, Metallic Hardcore desde Pontevedra e Beatdown Hardcore desde Pamplona para encher Sarria de boa música.

Pola súa parte, o sábado, a partir das 22.30 horas, terá lugar o concerto da Dresden Band, un grupo de Rock e Hard-Rock de Vitoria-Gasteiz.

## A sesión ‘Futuro conciencia’ foi un éxito de participación

O IES Xograr Afonso Gómez acolleu unha sesión informativa sobre os distintos estudos universitarios e de formación profesional no que o protagonismo foi para dez exalumnos do centro.

Na sesión ‘Futuro conciencia’, cada un deles falou da súa experiencia, das materias máis “duras”, do trato

profesorado-alumnado, das saídas laborais, do tipo de ensino que están a recibir e das diferencias con respecto ao seu paso polo IES Xograr Afonso Gómez.

Esta actividade, que cualifican desde como “necesaria e enriquecedora cara a elección de estudos futuros”, foi organizada polo Club de Ciencia.



**mybike Lugo**

**OFERTA EN BICICLETAS Y ACCESORIOS DE FIN DE TEMPORADA**

**CONSULTANOS SIN COMPROMISO**

Rúa María Barbeito 2, Polígono Industrial As Gándaras  
27003 Lugo - Tel.: 982 816 138  
[www.my-bike.es](http://www.my-bike.es)

**¿TIENES TU APARTAMENTO / PISO PARADO GENERÁNDOTE GASTOS?\***

**\*SOLO SARRIA (CASCO URBANO)**

**¡SÁCALE RENTABILIDAD YA A TU PISO!!!**

**GESTIONAMOS TU PISO A LA CARTA**

**NOS ENCARGAMOS DE TODO**

- Promoción en Internet
- Limpieza general
- Lavandería
- Sólidas referencias

**INFÓRMATE SIN COMPROMISO**

**TOURIST HOME**

**GESTIÓN DE PISOS TURÍSTICOS**

**Tfno: 650 082 298**

## O Lotón de Sarria repartiu mil euros a Mónica Aira Pol

Mónica Aira Pol foi a gañadora do sorteo do Lotón do Centro Comercial Urbano de Sarria – Asociación de Comerciantes, Empresarios, Profesionales e Autónomos de Sarria (ACES) grazas a unha compra en Cris Abad. Esta campaña da sétima edición do Lotón prolongouse desde o pasado 15 e ata o 31 de decembro, tempada na que todas as persoas interesadas en participar puideron facelo mercando nos establecementos adheridos á asociación.

O Lotón repartiu así mil euros a Mónica Aira, que premian a fidelidade dos consumidores no pequeno comercio do municipio sarriao.

**ESCAPARATES.** Panadería Pallares foi o establecemento gañador



do concurso de escaparates da campaña de Nadal da Asociación de Comerciantes e Empresarios de Sarria (ACES), que recibiu o seu premio da man de Ricardo Arias.

A iniciativa da asociación desenvolveuse entre os días 19 e 26 de decembro, días duran-

te os cales varios escaparates competiron nas redes sociais da ACES.

Os escaparates que máis “Me gusta” lograron foron os da Panadería Pallares, un total de 112 seguidos do escaparate do comercio Calzados Gayoso, e en terceiro lugar o de Brissa Salón.

## ‘Ningún Aro Sen Rede’ visitou ao alumnado do Ceip Frei Luís de Granada

O alumnado do Ceip Frei Luís de Granada de Sarria recibiu a visita da UNED de Lugo e a Fundación Breogán co proxecto ‘Ningún Aro Sen Rede’, que xorde da idea de lograr as sinerxías necesarias para proveer a aqueles centros escolares que o demanden de redes de baloncesto artesanais, recicladas e sostibles.

Na actividade, que foi impartida polo Director da Fundación, Salvador Arco; a directora da UNED, Ana Traseira, e a bióloga Paula Fernández, explicaron aos estudantes de 6º de Primaria en que consiste o proxecto, dende o material do que están feito as redes de Ecoballution



ata a importancia da reciclaxe do material escolar.

Despois da parte teórica, pasaron a parte lúdica da visita, onde profesorado e estudantes puideron participar en competicións de baloncesto

para conseguir distintos agasallos proporcionados polo club e a universidade. Ademais, tiveron a oportunidade de coñecer ao xogador do Club de Baloncesto Breogán, Marty-nas Sajus, e levar un autógrafo seu.

## O PP insta ao Concello a que se interese polas obras nas parroquias



Os concelleiros do PP alertan sobre os “prexuízos que están a sufrir os veciños de distintos núcleos” polas obras de extensión de abastecemento de auga e reposición de servizos básicos. Así, instan ao Goberno municipal a “realizar o correcto seguimento das obras”, tal e como indica a portavoz, Carmen José López, quen explica que “nas parroquias de Santa María de Vilar ou San Pedro de Froián comprobamos desfeitas nos camiños e cunetas, nos que se realizaron as actuacións que deron lugar á afectación de canalizacións veciñais que están a ocasionar que a auga corra por riba do firme”. Segundo explica a popular, isto supón, “ademais de prexuízos directos aos veciños afectados, o deterioro das estradas e un perigo para vehículos e viandantes, especialmente nesta época de fortes xeadas, xa que se poden formar placas de xeo”. Os concelleiros instan ao Goberno de

Camiña Sarria a que se interese pola situación e “cumpra coa súa función de supervisión para poñer fin a esta situación e minimizar os prexuízos que están a ocasionar”.

**REIS MAGOS.** Os concelleiros do Grupo Municipal do PP lamentan que “o Goberno de Camiña Sarria se esqueza do rural sarriao” por “deixar aos nenos e nenas de parroquias do municipio sen a visita dos Reis Magos”.

A voceira, Carmen José López, explica que “o Goberno Municipal utilizou a chuvia como escusa cando non había unha planificación para que as visitas se levasen a cabo. O motivo non foi a choiva, o motivo foi a evidente falta de sensibilidade cara unha parte importante do municipio formada polos núcleos do rural”.

Así, a voceira popular di que o PP segue pedindo “unha maior atención ao rural e ás súas necesidades”.

TE ESPERAMOS  
EN TU TIENDA  
OFICIAL  
MASlife:

Rúa da  
Liberdade, 133.  
Sarria.

622 82 62 88



TU ANTIGUA  
TIENDA YOIGO

AHORA  
TE OFRECE  
MUCHO MÁS.

MASlife

Yoigo

MÁSMÓVIL

pepephone

# Efrén Castro

## Foi o candidato do BNG á Alcaldía nas pasadas eleccións, e agora atópase na oposición do Concello sarriao

O papel da oposición nun Concello é o de controlar e vixiar ao Goberno local, así como velar polas necesidades da veciñanza. Nesta ocasión coñecemos un pouco máis de preto o labor do BNG de Sarria.

### Como se iniciou na política?

A verdade é que teño consciencia de ter preocupación pola política dende moi novo. Lera a Castelao e chamoume a atención, sobre tema do nacionalismo, polo que comecei a militar en Galiza Nova en 1999, aos 16 anos. Levo toda a miña vida adulta ligado á política e ao BNG, xa que cando es menor de 30 tes que militar en Galiza Nova e logo xa pasas ao BNG, é unha cuestión de idade e de permanecer na militancia. Desde que milito no BNG formei parte das listas de Sarria, pero a primeira vez que entrei na política local foi no ano 2015, que saín elixido, e entramos no Goberno local ata o ano 2019, cando pasamos á oposición.

### Cal é o papel da oposición no Concello de Sarria?

Fiscalizar a acción de Goberno en todos os aspectos: no que propoñen, como fan... e estar pendentes dese traballo. A oposición tamén debe facer propostas en positivo, aínda que non esteas no Goberno,



as liñas programáticas hai que defendelas nos plenos e que algunha saia adiante.

Por outra parte, nun Concello como o de Sarria, no que que o Goberno non está en maioría, tamén hai que ter a man tendida para cando sexa posible chegar a acordos para beneficiar á maioría.

### Como axuda o seu partido a mellorar a vida na vila?

O BNG é un referente na defensa dos dereitos. Defendemos a sanidade pública e o ensino público, así como os dereitos de feminismo e a igualdade, xa que denunciámos un Centro de Atención á Muller pechado, coa gravidade que supón esta situación. Defendemos á xente traballadora e queremos modernizar Sarria co que ten que ver con urbanismo e humanizar os espazos públicos... E somos referentes culturais. Queremos poñer en valor o noso patrimonio, que pasan por Sarria milleiros de peregrinos cada ano ao seu paso polo Camiño Francés. Por último, o BNG é promotor do comercio local e imos seguir traballando por levar medidas para promover o comercio local que é un referente para moitos concellos.

### A nivel persoal, que supón formar parte da oposición?

É algo vocacional que ten unha parte menos agradable, que é a exposición pública, pero para o bo e para o malo. Se es un representante público, estás para as loanzas e para outras cousas. Por outra parte, tes que sacar tempo da túa vida persoal para isto, deixar de ver á familia e os amigos e estar aquí, pero é un paso que tes que dar para levar a cabo esta función. Para min hai máis beneficios: ese contacto coa xente, que se acheguen para contar as cousas e a satisfacción de cando se constrúe algo para mellorar a vida das persoas. Ponderan máis os beneficios. En Sarria e nos concellos pequenos ningún concelleiro da oposición ten dedicación, polo que economicamente cóbranse as dietas de asistencia a plenos e as comisións de contas e de plenos, pero non hai relación laboral.

### O seu partido estivo algunha vez no Goberno. Que aportaron ao Concello?

Estivemos no 2007 con Xermán Arias, e logo no 2015 con Mónica. O que aporta o BNG ao Concello de Sarria é unha forma distinta de traballar, máis próxima aos cidadáns e

pensando moito nas potencialidades do Concello, mirando á Sarria que queremos que sexa e impulsala. Todo o mundo sabe que cando entra o BNG a un Goberno, cambian as vilas onde estamos.

### Cales son os seus obxectivos a nivel político?

Non teño ambicións persoais, pero si quero que o BNG siga medrando e que Sarria siga medrando, porque cremos que Sarria pode dar moito máis de si. Co BNG no Goberno beneficiaría moito á vila, e sobre todo ter unha muller sarriá como presidenta da Xunta de Galicia, e estamos traballando moito niso.

### Cales son as principais necesidades de Sarria?

Necesitamos coidar mellor a imaxe das rúas e das zonas verdes, o Paseo das Aceñas, o Parque do Chanto... son mellorables, porque hai que modernizar e mellorar o mantemento. Isto non só afecta á vida das persoas de Sarria, tamén ás que nos visitan polo camiño e dá unha imaxe de desleixo, e Sarria merece estar máis coidada. Por outra banda, é unha necesidade principal mellorar o centro de saúde.

“Defendemos a sanidade pública e o ensino público, así como os dereitos de feminismo e a igualdade”



ASESORAMENTO ENERXÉTICO A PARTICULARES E EMPRESAS PARA MAXIMIZAR O AFORRO NAS FACTURAS DE LUZ E GAS

Axudámosche a optimizar as túas facturas de enerxía?

Escanea este código QR e envíanos a túa factura de luz/gas para facerche unha comparativa de aforro personalizada:

Entra e infórmate!  
982 876 681  
sarria@xenera.com



XENERA  
COMPAÑÍA ELÉCTRICA

A principal comercializadora de  
enerxía 100% verde. Concedo  
de 130 euros de aforro.

GESA ENERGIA Colaborador Oficial de XENERA



ATENCIÓN FAMILIAR  
SOMOS ESPECIALISTAS EN  
CARNE FRESCA, CO CORTE AO  
GUSTO DO CLIENTE  
DESCUBRE O NOSO EMBUTIDO  
DE A FONSAGRADA



HORARIOS  
DE LUNS A VENRES  
De 09:30 a 14:00 e de 16:30 a 21:00  
SÁBADOS  
De 09:30 a 14:00 e de 16:30 a 20:30  
DOMINGOS E FESTIVOS  
De 10:30 a 14:00.

RÚA DIEGO PAZOS 47, SARRIA  
www.facendafarruquino.gal



# SARRIA, unha comarca con sabor



**Pontenova**  
mesón restaurante

Amplia terraza de verano  
Servicio de catering  
Comida casera  
Especialidad en carnes a la parrilla y caza

Tel.: 982 546 003

Catering\_meson\_a\_pontenova  
 Meson pontenova



# RIO LOYO Restaurante



982 535 334  
697 491 756  
Calvo Sotelo, 124  
27600 SARRIA  
(Lugo)

**A Pulperia  
do Luis**

**Mesón  
do Castro**



Domingo noche / lunes cerrado  
Amplia terraza de verano  
Comida para llevar

Reservas  
Cimo de Agra, s/n · Sarria / Telf. 982 041 697



**HOTEL A VEIGA**

Calle Compostela 61  
Samos - Lugo  
Reservas: 982 546 052  
[www.hotelaveiga.es](http://www.hotelaveiga.es)

- PRODUCTOS ECOLÓGICOS, HUERTO PROPIO
- TERNERA GALLEGA SUPREMA
- ASADOS EN HORNO DE LEÑA
- ESPECIALIDAD EN CARNES A LA BRASA

RESERVAS:  
Telf. 982 546 063



**A Fervenza**  
CASA GRANDE & RESTAURANTE

Tel.: 982 15 16 10 - [info@fervenza.com](mailto:info@fervenza.com)  
Abiertos todos los días, carta elaborada con productos de proximidad  
Eventos y reuniones



# O MIRALLOS

Comida Casera  
Cocidos por encargo  
Pollos camperos caseros  
(por encarga)

Mirallos 1, Paradela  
RESERVAS:  
TEL.: 639 010 696

## COMARCA

# Os orzamentos da Xunta, en detalle

A comunidade galega é a primeira coas contas en vigor dende o 1 de xaneiro. Estes son os orzamentos da provincia

Galicia convértese na primeira comunidade en aprobar os seus orzamentos para o 2024, que ascenden a 13.257 millóns de euros. "Garanten o crecemento estable; consolidan todas as rebaixas de impostos en vigor e inclúen novos incentivos fiscais; refórzan o gasto social e os investimentos e todo iso sen recorrer ao endebedamento por primeira vez en 16 anos", explican desde a Xunta. Segundo o Goberno, refórzanse os servizos públicos e séntanse as bases do crecemento e do emprego futuros.

## SANIDADE

Un ano máis a consellería con maior dotación volveu ser Sanidade, ao recibir 218 millóns de euros máis, un incremento do 4,4 % respecto ao ano 2023, e situarse en 5.191 millóns de euros.

Segundo a plataforma SOS Sanidade Pública, "o orzamento sanitario aínda que crece un 4,2% respecto a 2023, como a inflación prevista e do 4,3%, na realidade decrece nun 2,3%". As deputadas autonómicas do PP na comarca de Lemos, din que "é un claro exemplo de que a Xunta continúa apostando pola continuidade deste centro sanitario", subliñan. Para a deputada do BNG "as inversións en Sanidade non parecen suficientes xa que as carencias na Atención Primaria ou tamén no Hospital de Monforte merecerían unha especial dotación". Segundo a plataforma SOS Sanidade Pública, "o orzamento sanitario supón unha renuncia a introducir as melloras que necesita a Sanidade Pública Galega para resolver os graves problemas que a afectan". E no gasto na Atención Primaria din que o "o gasto crecerá soamente en 56 millóns de euros, un 3,5% respecto ao 2023. Pois se descontamos a inflación o gasto descende realmente un 18,6 %. O gasto para Atención Primaria queda no 14,2% do total sanitario, moi lonxe



Miguel Corgos López-Prado, conselleiro de Facenda e Administración Pública

do obxectivo do 25% recomendado polas organizacións profesionais e a OMS". Por outra banda a plataforma SOS di que á formación do persoal tan só se destinan 77 millóns, un 1,5% do total, "absolutamente insuficiente para formar aos traballadores sanitarios que necesitamos".

**RURAL.** No rural lucense máis da metade dos médicos "vanse xubilar nos próximos 5 ou 6 anos polo que o Goberno galego debería ter unha previsión do que se vai facer, pero non queren actuar", din desde varias plataformas sanitarias, "e a poboación rural é a que máis a precisa a atención médica xa que as persoas maiores son as que viven nestas localidades tan dispersas, e moitas veces teñen problemas para desprazarse"

"O que necesitamos é achegar a atención sanitaria a toda a poboación, pero se desaparece supón un risco para todos", sinalan desde as plataformas, "somos a última comunidade no número proporcional de consultorios locais e pechalos suporía unha traba".

**LISTAS DE AGARDA.** As listas de espera para a primeira consulta especializada non superan de media os 90 días, e nas listas de espera cirúrxica, a

situación é moi similar. Outra cousa son as listas na consulta de Atención Primaria, nas que están arredor dos 7 días e incluso nalgúns centros chegan aos 15 días ou ao mes. Ademais contan con moita disparidade entre os diferentes centros de saúde xa que faltan profesionais, sobre todo no rural.

**"Vemos positiva a construción da intermodal, pero seguimos reclamando investimentos para mellorar os servizos ferroviarios", din dende o BNG**

Estes datos de lista de espera cirúrxicas non se saben feacemente pois "o Sergas non publica as listas non estruturais, que son as de pacientes que rexeitan ser intervidos por razóns non atribuíbles ao sistema, é dicir, que non queren ser derivados a outros centros nin a outras áreas por diferentes motivos", din desde a Plataforma.

## EDUCACIÓN

A Consellaría de Educación e Cultura manexa a segunda cifra máis alta, por detrás de Sanidade. Porén e como acontece cos orzamentos en materia de saúde pública, os presupostos de Educación medran por debaixo da media xeral, que se sitúa nun 5 %, mentres que a Consellaría que leva esta área crece un 2,8 %, quedándose con 2.976 millóns de euros.

Esta cifra supón unha inversión de máis de 82 millóns se comparamos co ano 2023, período no os fondos dispoñibles en materia educativa subiron un 5,2 %. De feito, no capítulo de inversións reais mesmo chega a baixar uns 7 millóns sobre o 2023. A dixitalización do sistema educativo, a busca da eficiencia enerxética e potenciar a FP pasan a definir as actuacións da Xunta para este novo ano.

**MELLORA DOS CENTROS.** Os orzamentos destinados ás actuacións de mellora nos centros educativos superan os 56 millóns de euros. Neste grupo inclúense a adquisición de equipamento e mobiliario, as obras para mellorar e integrar as enerxías renovables, así como as obras de rehabilitación e ampliación dos CIFP e dos IES nos que se invisten máis de 32 millóns. Na provincia, contéplanse 2.080.000 millóns de euros para a rehabilitación integral do IES Lucus Augusti e outros 406.400 euros para a Escola de Arte Ramón Falcón.

Dende a oposición valoran como un despropósito as novas contas. "Cada ano merma o aumento do orzamento por debaixo do que sube a inflación ou o IPC e vaise acumulando esa diferenza. De feito, temos calculado sobre 644 millóns soamente na parte do ensino público con respecto aos últimos 14 anos", explica a deputada do BNG, Cristina Fernández Davila. Neste senso, o portavoz do Grupo

Socialista, Luís Álvarez, criticou que o presidente da Xunta estea a anunciar "melloras que non se reflicten nos Orzamentos da Xunta para 2024 e que van ser inexistentes". Álvarez asegurou que coa entrada en vigor dos presupostos "a cidadanía seguirá agardando días por unha cita en Atención Primaria, continuará habendo déficit de profesores e de persoal nos centros educativos".

**TRANSPORTE ESCOLAR.** Dirixense máis de dous millóns de euros para o transporte escolar e os comedores sociais, incrementando así en 405.076 euros os fondos destinados ás ANPAS e aos concellos para sufragar estes servizos. Esta cantidade complétese coas partidas da Consellería de Mobilidade ata os 123,1 millóns de euros. Porén, o BNG insta ao Goberno da Xunta a revisar a ordenación das rutas de transporte escolar e as súas paradas, que ocasiona problemáticas para as familias e o estudantado. Así acontece na parroquia de Torés nas Nogais, que teñen adscrito o IES de Becerreá, pero que para dirixirse ao centro deben percorrer os 14 quilómetros ata As Nogais por unha estrada de montaña e logo facer transbordo para percorrer os 8 quilómetros que os separan de Becerreá.

**PROFESORADO.** Nos orzamentos inclúese o acordo de mellora da educación, firmado por CCOO, ANPE e UGT, e polo que se reducen os ratios de alumnos e se suben os sexenios do persoal docente, entre outras medidas. Porén, as prazas de profesorado continúan a ser unha das cuestións polémicas nestas novas contas e que denuncian tanto as formacións políticas como os sindicatos. Tal e como figuran nos presupostos, Galicia contará con 30.424 profesores no ano 2024, cifra que se mantén con respecto ao exercicio anterior e que cae en 866 prazas se se compara coas contas

**STIHL**

TEMPORADA PRIMAVERA 2023

**Ferretería Sarriá**

Pedro Saco 33, Sarriá. Telf. 982 532 202

PREPARA TU JARDÍN CON LAS MEJORES OFERTAS

**CREADOS**

- PSICOPEDAGOGÍA
- EVALUACIONES PSICOPEDAGÓGICAS
- LOGOPEDIA Y LENGUAJE
- PSICOLOGÍA Y PSICOTERAPIA
- ATENCIÓN TEMPRANA (0-6 AÑOS)
- ESTIMULACIÓN PRECOZ (2-3 AÑOS)
- REFUERZO EDUCATIVO ESPECIALIZADO
- ESTRATEGIAS Y TECNICAS DE ESTUDIO

**INFANTIL PRIMARIA ESO**

¡Infórmate sin compromiso!

Calvo Sotelo, 183 Bajo  
27600 Sarriá (LUGO)  
626 21 86 28



do 2022. Por iso, dende a CIG-Ensino denuncian que “a oferta pública de emprego anunciada no último Consello de goberno da Xunta” non vai “ter ningún efecto nos fondos destinados á contratación de persoal docente”. Aínda que a natalidade cae e o persoal docente se mantén, dende CCOO tamén sinalan unha falta de prazas. “A OPE anterior foi de estabilización, a xente que estaba traballando como substitutos e interinos pasaban a ser funcionarios de carreira, non variaba o número. Este ano botamos en falta as prazas de reposición do 022 que non foron na convocatoria pasada”, explica Luz López, secretaria xeral da Federación de Ensino de CCOO de Galicia.

## BENESTAR

Con respecto ao ámbito do benestar social, representado pola Consellería de Política Social, este ten o maior aumento porcentual nos orzamentos, xa que sobe un 11,9%, alcanzando os 1.205 millóns de euros.

**DEPENDENTES E MAIORES.** Nos orzamentos que se inclúen no ámbito de Política Social, contéplanse 540 millóns de euros para a atención a maiores e a mellora dos servizos sociais sociocomunitarios. Na actualidade, hai máis de 73.000 persoas dependentes que precisan de recursos de atención diúrna ou atención residencial.

Ademais, os orzamentos inclúen 97 millóns de euros para o Bono Coidado no Fogar e para as persoas que precisen de atención as 24 horas do día, créase un complemento, o Bono Residencia, ao que se destinarán 55 millóns de euros. Por outro lado, os orzamentos tamén reforzan o Servizo de Axuda no Fogar (SAF), dotando con 130 millóns de euros aos concellos para aumentar as horas a disposición dos gobernos municipais e cumprir os acordos asinados coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp).

Nesta liña, tamén se contemplan

4,7 millóns de euros para estender a rede de casas do maior, 18,5 millóns de euros para as novas residencias e centros de día de titularidade municipal e 12 millóns de euros para executar obras de mellora para adaptar as residencias públicas autonómicas ao novo modelo de coidados.

O PSdeG, pola súa parte, cre que o modelo público de residencias que creou Besteiro cando estaba á fronte da Deputación de Lugo é mellor que o da Xunta e, de chegar a ser presidente de Galicia, di que estenderá este modelo a toda a comunidade.

“O meu modelo é todo o contrario ao de Rueda: aquí os maiores son tratados coma na casa, en centros pequenos e ben atendidos, sen ter que marchar do seu pobo, e pagan o xusto en función da súa capacidade patrimonial”, sostén Besteiro. Pola súa parte, desde o BNG prometen fortalecer a inspección a residencias de maiores, xa que os propios inspectores denunciaron que a Xunta avisa aos centros de atención a anciáns cando vai haber inspección, dificultando a capacidade dos profesionais para coñecer a situación real destes lugares.

**DISCAPACIDADE E XUVENTUDE.** Con respecto ao ámbito da discapacidade, os orzamentos da Xunta contemplan 172 millóns para a atención á discapacidade e aumentan nun 50 % as axudas para o tecido asociativo, que ascenden a 9 millóns no sector da discapacidade, e resérvanse outros 7 millóns para ampliar a rede galega de atención temperá.

No ámbito da xuventude, dedícanse case 2 millóns ás iniciativas ‘Xuventude Mentoring’ e ‘Xuventude Mentoring na Empresa’ e 4 millóns para os programas ‘Primavera Xove’, ‘Outono Xove’ e para os Espazos Xoves da Xunta.

Con respecto ás partidas de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, estas soben ata os 242 millóns de euros e destínanse 3 para as ampliacións da rede de casas niño, mentres que outros 31,4 millóns serán para



Primeiro tramo da autovía Nadela-Sarria

apostar pola Tarxeta Benvida como apoio económico para as familias que teñan un fillo e 153 millóns serán para a área de Inclusión Social.

O BNG, pola súa parte, levou ao Parlamento unha iniciativa para reformar a Lei de Inclusión Social pola “falta de impulso legislativo da Xunta, un síntome claro dun Goberno en decadencia”. E o PSdeG defende que “as pen-

ser o departamento con maior orzamento, a Dirección Xeral de Mobilidade incrementa o seu presuposto ata os preto de 164 millóns, e Augas de Galicia, pola súa banda, contará cun orzamento de 140 millóns de euros, que permitirán seguir coa colaboración técnica e financeira cos concellos para reforzar os sistemas de saneamento e depuración.

**TRANSPORTE GRATIS.** Nas contas verase reflectido unha medida nova: a gratuidade do transporte público da Xunta para os maiores de 65 anos. Tamén se manterá a gratuidade para menores de 21 anos. A aposta polo transporte público tamén se verá reflectida na mellora dos equipamentos e servizos. Destaca aquí o investimento para as intermodais, como os 5,8 millóns para a de Lugo.

Aínda que hai satisfacción xeral por esta infraestrutura, non faltan as voces que din que “é necesario que xunto ao investimento previsto se avance tamén na modernización das vías”, como insistiu o nacionalista lucense Rubén Arroxo. “Vemos positivo que por fin se active a construción da intermodal, pero seguimos reclamando investimentos importantes para mellorar os servizos ferroviarios que Lugo necesita, tanto para o transporte de pasaxeiros como de mercadorías”, insistiu.

## Para o PSOE as grandes infraestruturas están “empantanadas” e a Xunta “segue sen artellar un plan industrial

sións, ademais de ter que ser dignas, son un dereito e un beneficio directo sobre o benestar das persoas e o sustento de moitas familias”.

## INFRAESTRUTURAS

As contas recollen unha previsión de investimento que se achega aos 600 millóns de euros, 14 máis que o ano pasado. Polo tanto, a Axencia Galega de Infraestruturas volverá

**VÍAS DE ALTAS PRESTACIÓNS.** Tamén se reserva unha partida de 40 millóns para as vías de altas prestacións e acondicionar estradas. Destaca o investimento de 4 millóns para a VAP da Costa Norte ou para a segunda fase de conversión da VAP Nadela-Sarria. Os orzamentos sinalan, continuarase coa execución de variantes de estradas ao seu paso por núcleos de poboación como a Rolda Leste de Lugo. Avanzarase na mellora de estradas autonómicas, como a LU-540. A partida da Rolda Leste está en unha situación complexa pola falta de acordo dos partidos que consideran o trazado unha agresión a esta zona natural.

**XESTIÓN DA AUGA.** En canto aos investimentos previstos por Augas de Galicia, estes irán orientados a coardar e preservar este ben vital. Para o apoio aos concellos nas súas competencias de depuración e saneamento, resérvanse 85 millóns de euros. A estar mellor preparados fronte á seca e ter garantidas reservas de auga destinaranse 23 millóns, con actuacións para mellorar abastecementos municipais e medidas encamiñadas a aumentar as garantías de existencia de recursos para cubrir o abastecemento reservando os caudais ecolóxicos. Como nova medida, recóllese a creación da Escola da Auga, cun plan de formación para o persoal técnico dos concellos, das empresas xestoras, usuarios etc.

Para o PSOE as grandes infraestruturas están “empantanadas” e que a Xunta “segue sen artellar un plan industrial para a provincia, nin para Galicia, unha medida que levan moito tempo reclamando os socialistas. Para os partidos na oposición, os orzamentos, en materia de infraestruturas esquecéronse de obras de importancia para a provincia, como a nova EDAR para Barreiros, a construción dos polígonos industriais que demandan Muras, O Valadouro, Riotorto e a terceira fase do parque empresarial de Barreiros que xa está ocupado ao 100%.

**COMPRA-VENTA DE MADERA**  
Máis de 30 anos en el sector

**MANUEL DÍAZ DÍAZ**  
MADERAS PENEDO

¡Venda su madera!!!  
Llámenos sin compromiso.  
Trabajamos toda la comarca de Sarria.  
Nosotros nos encargamos de todo.

Tels.: 616008540 • 619678989  
Grallas, 13 - O Paramo

**FONTANERÍA Y GAS**  
**VILAR VALCARCEL S.L.**

AEROTERMIA  
SUELO RADIANTE  
BIOMASA  
INSTALACIONES DE CALEFACCIÓN, FONTANERÍA Y GAS

C/ Portomarín, 17 • C/ Arias de Arbieta s/n  
27600 Sarria (Lugo) • Telf/Fax: 982 531 449  
Móvil: 659 589 024 • vilavalcarcel@hotmail.com

# A carreira polo trono da Xunta

Os tres candidatos preparan as listas e ultiman o programa de cara ás eleccións autonómicas, que se celebran o 18 de febreiro



O 18 de febreiro haberá eleccións en Galicia. Serán as primeiras desde 2009 nas que o candidato do PP non será Alberto Núñez Feijóo. A data coincide coa celebración do Entroido, unha das festas máis destacadas en Galicia, en especial nalgunhas zonas como Ourense.

## PP

Alfonso Rueda, nado en Pontevedra, é avogado e exerce o papel de actual presidente da Xunta de Galicia dende o 12 de maio de 2022, cando o seu predecesor Núñez Feijóo foi investido presidente do Partido Popular a nivel estatal. Rueda iniciouse na política nas Novas Xeracións de Pontevedra e foi xefe de gabinete do conselleiro Xesús Palmou, e director xeral da Administración Local da Xunta de Galicia durante cinco anos. Foi secretario xeral do PPdeG, desde o ano 2006 ata maio de 2016, e dende a elección de Feijóo como presidente autonómico, encargouse da Secretaría Xeral en Galicia. Tamén foi conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e vicepresidente da Xunta

de Galicia ata o 2022. Tras anunciar a convocatoria de eleccións para a Administración Autonómica, Rueda asegurou que seguirá apostando por traballar e así manter a comunidade como “a illa de estabilidade” que é na actualidade.

O actual presidente fai un chamamento a protexer Galicia porque “o futuro da nosa comunidade se decide aquí, sen mediadores, nin hipotecas e sen ningunha outra obediencia que non sexa aos galegos”. “Sigamos a favor de todo aquilo que a xente nos pide que defendamos: máis oportunidades para a mocidade, máis apoios para os maiores e as familias e continuar defendendo proxectos empresariais que xeren emprego”, explicou ao tempo que aseguraba que “se todos os partidos aproveitamos estes días para confrontar as nosas diferentes visións de Galicia en positivo, estaríamos facéndolle un gran servizo aos galegos e cumpriríamos o que esperan de nós”.

## PSOE

José Ramón Gómez Besteiro, candidato do PSOE. Naceu en Lugo e

ademais de ser avogado é político e foi o presidente da Deputación de Lugo dende 2007 ata 2015. Formou parte do Concello de Lugo sendo concelleiro de Urbanismo e voceiro municipal e, en marzo de 2023 foi designado polo Goberno de Pedro Sánchez como máximo responsable da Delegación do Goberno en Galicia.

Gómez Besteiro di que “os socialistas galegos son os únicos capaces de liderar o cambio seguro en Galicia” e engadiu que “a Galicia quédanlle poucos días para despedirse deste Goberno triste e que gañe a esperanza”, dixo un Besteiro que se amosa optimista de cara a estes comicios.

O candidato dos socialistas galegos amosou a súa satisfacción polo adianto electoral: “Xa falta menos para que Galicia pase dun Goberno de confrontación a un Goberno que ofrezca solucións”. “Os socialistas estamos unidos, preparados e somos os únicos capaces de liderar o cambio seguro en Galicia”, remarcou o tamén deputado lucense, quen incidiu en que o PSdeG é un partido con “traxectoria, equipo e un proxecto absolutamente claro”.

“Galicia está perdendo oportunidades”, incidiu Besteiro, “de feito está medrando menos que o resto do país por culpa das políticas incapaces, a inercia e a confrontación na que está instalado Rueda e o PP. Os socialistas estamos preparados para gañar as eleccións e para darlle a Galicia o impulso que necesita e merece”.

O candidato chama a “escoller entre unha Galicia resignada ou elixir un futuro ilusionante, con esperanza e que nos poña á cabeza do crecemento en España e en Europa”.

## BNG

Ana Pontón, nada en Chorente, Sarria, é a candidata do Bloque Nacionalista Galego. A sarriá é a portavoz nacional do BNG desde 2016 e xa fora candidata á Presidencia nas eleccións de 2016 e 2020. Tras estes últimos comicios converteuse na líder da oposición no Parlamento de Galicia, e conseguiu que o seu partido tivera o máximo histórico de 19 deputados. A líder nacionalista afirma que o BNG está preparado para gañar e liderar o Goberno do

cambio para darlle un presente e un futuro mellor ao país. “Son a candidata de todos os galegos que queren cambio, votasen o que votasen noutras eleccións”, indica. Di sentirse con “máis ganas, máis ilusión e máis preparada que nunca” para darlle a Galicia “o mellor Goberno da súa historia”.

Para Pontón, o obxectivo último é conseguir “mellorar a vida das persoas”, porque segundo afirmou, “é o que lle dá sentido á política, poñer as persoas no centro, traballar por e para elas, e entre todos e todas construír a mellor Galicia”.

“Non importa o que votaran noutras eleccións, hai moitas maneiras de sentirse galego, e todas son necesarias para abrir un tempo novo”, di Pontón, que pretende defender a comunidade e marcar un antes e despois tras a sucesión de gobernos que tomaban as súas decisións “en despachos madrileños”. “Feron seis presidentes en toda a historia da democracia, todos homes e de forzas estatais. Credes que nos foi ben? Credes que puxeron a Galicia no lugar que se merece?”.

## LIÑAS PRINCIPAIS DOS PROGRAMAS ELECTORAIS

### PARTIDO POPULAR

- Actuacións na infraestrutura dos hospitais.
- Impulso ás VAP Costa Norte e da autovía libre de peaxes Lugo-Monforte.
- Avance na candidatura a patrimonio mundial da Ribeira Sacra.
- Obras en marcha para a reforma ou construción de novos centros de saúde, residencias da terceira idade e centros de ensino.
- Actuacións de mellora nos portos de titularidade autonómica.
- Dar continuidade a medidas como a gratuidade das escolas infantís, bonos dependencia ou axudas para libros de texto e material escolar.

### PARTIDO SOCIALISTA

- Apostar por empresas que creen emprego de calidade e proxectos industriais que fixen poboación.
- Mellorar as políticas de envellecemento, os servizos sociais, e a sanidade.
- Rematar moitas infraestruturas como as conexións entre a parte interior de Lugo, a conexión da Mariña, ou a duplicidade de dobre ancho de autovía entre Lugo e Monforte.
- En Lugo, fará o Plan Paradai e desenvolverá a Rolda Leste.
- Apostar polo agro e o mundo forestal así como dar garantía aos gandeiros.

### BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

- Unha Galicia máis feminista.
- Apoiar a cultura e a identidade galega para conseguir “unha nación moderna, empoderada e sen complexos”.
- Reforzar os “vínculos” da comunidade galega.
- O compromiso de poñer enriba da mesa unha “intervención pública” en Alcoa
- O compromiso de activar a Mesa do Sector Lácteo, na que estean representados todos os axentes da cadea produtiva, co fin de que aborde “as cuestións clave para darlle futuro ao sector, incluído todo o que ten que ver cos prezos”.

## DATOS

- **15 de xaneiro:** vence o prazo para rexistrar candidaturas. Os candidatos quedarán proclamados o 22 de xaneiro.
- **29 de xaneiro:** empeza o envío de documentación para votar por correo. O voto por esta vía pódese solicitar ata o 8 de febreiro. O prazo para enviar a papeleta finaliza o 12 de febreiro.
- **2 de febreiro:** arrinca a campaña electoral e prolongarase ata o 16 de febreiro.

# O Nadal deixou numerosas imaxes nos diferentes concellos



De arriba a abaixo e de esquerda a dereita: Dúas imaxes da aula de música tradicional que saíu a cantar os Reis pola vila e fixeron parada na residencia de maiores, dúas imaxes da Cabalgata de Reis de Sarria, o Apalpador visitando aos nenos do Ceip de Triacastela e os Reis Magos visitando a residencia de maiores do Incio

**Tapisa, s.l.**  
**TU FÁBRICA DE SOFÁS A MEDIDA**

**¡RETAPIZAMOS TU VIEJO SOFÁ!**

982 533 165  
 646 599 185  
 Crta. Comarcal 546, km 21 Sarria

## O Camiño Eufrasiano formará parte do Camiño de Santiago

O BNG conseguiu incluír no conxunto dos Camiños de Santiago o Camiño Eufrasiano, que percorre os concellos de Samos, Sarria, A Pobra do Brollón e o Incio, e que contou co apoio unánime do Parlamento Galego.

Así, a deputada do BNG, Carme Aira, recalcou a gran riqueza patrimonial do Incio, destacando a Igrexa de San Pedro Fiz de Hospital do Incio, utilizada como hospital de peregrinos a Compostela, tres igrexas prerrománicas, un manancial de augas ferras que curaba as anemias. Ademais, di que este Camiño impulsará servizos co seu retorno económico, ademais de contribuir á dinamización socioeconómica “dunha zona de Ga-

liza especialmente deprimida en demografía e economía”.

O Incio, agregou a parlamentaria do BNG, “conta cunha importante representación de petróglifos, castros sen escavar, o campo de mámoas “máis grande de Galicia” e un gran número de túmulos. Finalmente, a nacionalista tamén fixo unha reseña de San Eufrasio, varón apostólico, bispo de Anduxar e Xaén, mártir milagreiro e nomeado santo despois de ser torturado, e concluíu a súa intervención salientando que “poñer en valor o patrimonio atrae á xente e a xente xustifica o mantemento de servizos, e esa relación produce un retorno económico que permite actualizar o patrimonio”.

## As obras de restauración dos pilotos de soutos serán este ano

O titular de Medio Rural na Xunta de Galicia, José González, anunciou que ao longo do 2024 poranse en funcionamento os primeiros polígonos agroforestais e as primeiras agrupacións de xestión conxunta, fundamentalmente ligadas ao sector forestal, así como os novidosos espazos agrarios de experimentación.

Así, o conselleiro destacou que no vindeiro ano se porán en marcha as obras de restauración dos pilotos de soutos en Parada de Sil, O Bolo, a Veiga; na provincia de Ourense; e O Incio e Paradela; na de Lugo.

Ademais, continuarase cos pilotos dos plans de dinamización dos núcleos de Trascastro (O Inicio), Osmo (Cenlle), O Penedo (Boborás) e Muiñenta (Carballeda de Avia). Estes plans, indicou González, serán un instrumento urbanístico que permitirá rehabilitar estas aldeas do xeito



máis áxil posible.

Estas figuras teñen un carácter dinamizador do territorio e innovador e para a súa posta en marcha e desenvolvemento estanse captando fondos europeos destinados á innovación e cooperación e orientados cara a dixitalización, a rastrexabilidade e

valoración dos produtos agroalimentarios ou a mellora enerxética, entre outros aspectos. Todo este esforzo suporá un investimento de máis de 10,5 millóns de euros por parte da Xunta, dos que máis da metade se destinarán á execución de polígonos e aldeas modelo.

## Renovados dous albergues para mellorar as condicións dos peregrinos

O director de Turismo de Galicia, Xosé Merelles, reuniuse coa alcaldesa de Triacastela, Olga Iglesias, no albergue de peregrinos A Casona, en Triacastela, que, xunto co de Sarria, veñen de rematar distintos traballos para a súa posta a punto de cara ao inverno no marco das actuacións anuais de mellora e conservación dos servizos para peregrinos do Goberno autonómico. En concreto, no de Triacastela realizáronse traballos de consolidación da súa estrutura, adaptación ás novas normativas de seguridade sanitaria, así como mellora das condicións de confort dos peregrinos,



con distintas actuacións de illamentos e rehabilitación da súa fachada. E no de Sarria realizáronse traballos de adaptación á normativa sanitaria e accesibilidade.

Son dous dos preto de 70 cos que conta a Rede Pública de Albergues do Camiño de Santiago, dos que máis de 20 están situados no Camiño Francés. O de Triacastela foi inaugurado no ano 1993, é propiedade da Xunta de Galicia e está situado á entrada da vila e conta con medio cento de prazas en 14 dormitorios. O albergue de Sarria foi inaugurado no ano 1997 e conta con máis de 40 prazas.

## Investirase na conservación do Camiño Francés

A presidenta da Mancomunidade de Municipios do Camiño Francés, Olga Iglesias, reuniuse co director de Turismo de Galicia, Xosé Merelles, quen compartiu con ela a folia de ruta da Xunta de Galicia para o vindeiro ano con máis de 1 millón de euros para conservación e mantemento deste itinerario.

Como lle trasladou o responsable, no marco do Plan Director dos Camiños de Santiago 22-27, o Goberno autonómico ten previsto un investimento que superará o millón de euros para sinalización, mantemento e con-

servación deste trazado durante o vindeiro ano e que se suma a outras accións transversais incluídas no Plan Director.

Ademais, salientou tamén a importante actividade levada a cabo pola mancomunidade, entidade coa que desde a Xunta se mantén unha estreita colaboración desde hai anos, traballando xuntos para dinamizar o Camiño Francés, cun convenio bianual para melloras paisaxísticas e tamén para programación de actividades culturais nos concellos que forman parte da mancomunidade.



# INVISTE EN PARADELA

**FAI REALIDADE O TEU PROXECTO: VIVEIRO DE EMPRESAS E POLÍGONO INDUSTRIAL.**



**Ti elixes... Comida a domicilio**

**PIZZERIA PAPARAZZI**  
100% ITALIANI  
**¡¡OFERTAS ESPECIALES!!**

**-50%** en la segunda pizza familiar

**-25%** en la segunda pizza mediana

**Martes**  
Familiar de Jamón o Bacon  
**8€**

Servicio a domicilio  
Rúa Diego Pazos, 30 - Baixo Sarría  
Tel. 982 012 026

**CAFETERIA**  
**100**

SERVICIO A DOMICILIO  
Tel. 982 530 021

Calvo Sotelo, 12 27600 SARRIA (Lugo)



**... Comida para recoller**

**CERVECERÍA ESPAÑA**

**CERRAMOS LOS MARTES**

¡LO BUENO LO ELIGES TÚ!

DISFRUTE DE NUESTRAS EXQUISITAS RACIONES DE POLLO CRUJIENTE, TIRAS, ALITAS, BROCHETA AL AJO Y PARMESANO, FAJITAS DE POLLO, BURRITOS DE TERNERA, CROQUETAS, EMPANADILLAS, CALAMARES Y CHIPIRONES...

VARIEDADES DE TOSTAS... **COMIDA PARA LLEVAR**

CALLE DIEGO PAZOS 29, BAJO. SARRIA - TEL.: 671 407 060

**CAFETERÍA EL PARISIEN** Comida para levar

Especialidade en raxo, táboas de embutidos e queixos, racións caseiras, hamburguesas premium...

Calvo Sotelo, 180 \* T. 982 530 491 \* SARRIA

**cafe CUBAN bar**

**COMIDA PARA LLEVAR**

1º PREMIO XV CONCURSO DE TAPAS TAPICHEO '22

Matías López 100, SARRIA - cafeteriabarcubano@gmail.com  
Tfno.: 982 886 580



## A Pobra de San Xiao é escenario dun novo mural



Unha parede dun edificio da rúa Antonio López Quiroga da Pobra de San Xiao, preto da rotonda de entrada á vila, está sendo pintada polo artista Diego As co fin de crear un mural de gran tamaño sobre o pasado ferroviario da vila.

Así, a través das pinceladas do lugués Diego Anido, homenaxearase e lembrarse ao tren que pasou toda a vida pola Pobra e ás persoas que traballaron na estación da localidade.

O mural, que será de máis de 200 metros cadrados de superficie, estará terminado, previsiblemente, antes do día de Reis Magos, aínda que o frío está dificultando as tarefas de secado, xa que a parede está muy húmida.

A obra foi encargada a Diego As polo Concello de Láncara, que deixou unha partida de 17.908 euros a principios de ano do remanente de tesouraría, e encargoulla por ser “un dos artistas urbanos máis demandados e consolidados”.

**PP.** “As decisións do Goberno local de Láncara reflicten claramente a súa falta de proxecto e a incapacidade de planificación a medio ou longo prazo”. Así o valora a porta-

voz do Grupo Municipal Popular, Olga Capón, á vista do emprazamento elixido polo Goberno para o mural porque, no medio prazo, podería deixar de estar visible.

“É unha pena que, por unha mala decisión do Goberno local, Láncara non poida presumir do mural, para o que equipo de Goberno calculaba dirixir 18.000 euros procedentes de remanentes de tesourería e que poden ser máis, xa que iso podería pasar no caso de que se edifique no solar lindeiro ao edificio no que se está a realizar”.

Os populares explican que o solar é “un dos poucos edificables que hai na Pobra”, polo que queda claro que “ou este Goberno non ten ideas” ou “non pensa en ofrecer respostas ás necesidades en materia de vivenda no noso Concello. Se o Goberno local tivera en conta esta necesidade, “apostaría por impulsar vivenda pública, favorecer a iniciativa privada ou, polo menos, elixiría outro emprazamento para o mural para evitar que quede tapado por unha posible obra”.

Capón, cre que “o noso municipio ten potencial para atraer residentes de municipios limítrofes coma O Páramo, O Corgo ou Sarria”.

## Estanse a facer melloras no parque da área Manuel Fernández Arroxó

O parque infantil da área recreativa Manuel Fernández Arroxó de Láncara está empezando a ser mellorado como unha iniciativa do Goberno local do Concello de Láncara.

Estas actuacións veñen motivadas polo estado no que se atopa o parque infantil, xa que necesita melloras para que todos os nenos e nenas do municipio poidan desfrutar desta área de xogo libre nos seus tempos libres e, sobre todo, cando veña o bo tempo.

Por outra parte, a área recrea-



tiva Manuel Fernández Arroxó acolle diferentes actividades e iniciativas, como a visita dos

Bolechas, festas da escuma ou actividades dos campamentos de verán entre outras moitas.

## O Goberno local elabora dúas ordenanzas fiscais para regular a ocupación da vía pública

O Goberno local está a elaborar dúas ordenanzas fiscais para establecer un prezo a pagar por ocupar a vía pública e para as actividades de ocio lucrativas, así como para iniciativas deportivas, culturais, recreativas e de ocio.

A elaboración destas normativas será a través da consulta pública aos veciños e veciñas do municipio, que poderán formular propostas e suxerencias ata o vindeiro luns, 15 de xaneiro, a través desde a sede electrónica de Láncara.

A finalidade é ter redactadas estas ordenanzas a finais do mes de xaneiro para poder sometelas a aprobación, ou non, no pleno ordinario do Concello, e despois terán que

pasar por unha fase de exposición pública antes de poder entrar en vigor.

**XUSTIFICACIÓN.** Así, desde o Concello din que a cultura e o deporte xeran riqueza e emprego na sociedade, potenciando a imaxe dun municipio atractivo e con vida, polo que cren que o prezo das actividades deberán cubrir, polo menos, o custo de organizalas, aliviando así tamén a carga que pesa sobre a facenda local.

Ata o momento, todas as actividades de tempo libre que se facían eran gratúitas, incluso a instalación de postos das feiras e festas que se celebran na vía pública de Láncara.

## A veciñanza pide mellor transporte e un centro social

O Concello celebrou a última reunión do proxecto Láncara Amigable coas Persoas Maiores, que tivo lugar na Pobra de San Xiao.

Nela, recolléronse decenas de demandas dos veciños que pediron un mellor transporte nas áreas rurais, mellorar o servizo de cobertura móbil e pediron a creación dun centro social.

Os resultados amosaron que a preocupación principal é o transporte, e a falta de cobertura nalgunhas parroquias xa que é unha necesidade sobre todo nas persoas que teñen teleasistencia. E por último, o centro social que piden crear podería ser “interesante para dar vida ás antigas escolas rurais e para fomentar unha maior participación dos veciños.

**CARNICERÍA**  
*Noda*

**TERNERA PAÍS RUBIA GALLEGA**

- Calidad Suprema •
- Tradición y Sabor •
- Cría tradicional •

**DIEGO PAZOS 91 BAJO, 27600 SARRIA**  
TFNO.: 689 412 953 - 982 533 052

**albisar**  
CONSTRUCCIONES Y CUBIERTAS

**ESPECIALISTAS EN REFORMAS Y REHABILITACIONES**

CUBIERTAS DE PIZARRA

COLOCACIÓN DE PIEDRA

ESTRUCTURAS DE NAVES

EXCAVACIONES Y TRANSPORTES

OBRA NUEVA

LG. VILAMEA, 2 - 27619 SARRIA - TFNO.: 616 212 698

## A depuradora será ampliada cunha achega da Xunta e fondos propios

Triacastela recibirá 510.000 euros da Xunta de Galicia para ampliar a depuradora municipal, obras para as que o Concello tamén investirá 56.000 euros.

As obras incluírán aumentar a capacidade da estación de tratamento de augas residuais para poder dar servizo aos 611 habitantes, xa que agora só dá servizo a 350.

Ademais, mellorarase o funcionamento da planta cunha decantación primaria, adaptándose ás restricións de espazo da parcela e terá un novo equipo de desinfección ultravioleta.

Procedemento burocrático



As actuacións serán cofinanciadas pola Unión Europea a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico de política agraria común (PAC).

Pola súa parte, o Concello de Triacastela deberá facer a tramitación municipal do seu 10 % para que Augas de Galicia poida licitar as obras e inicialas no segundo semestre de 2024.

## O PSOE denuncia a forma de actuar do Goberno municipal con respecto aos orzamentos

Os socialistas de Triacastela denuncian que, dende que Olga Iglesias é alcaldesa, o Concello “nunca tivo orzamentos en tempo e forma”, o que provoca “graves consecuencias para os veciños”, que perden fondos e oportunidades, pois o presuposto “é o instrumento investidor fundamental para manter e crear servizos, e para sacar adiante obras”.

Así o denuncia o voceiro municipal, Miguel Ángel Fernández, subliña que a rexedora do PP, que tamén é xefa territorial de Medio Rural da Xunta, leva 12 anos á fronte do Goberno local “saltándose todos

os procedementos” que regulan a aprobación dos presupostos, das liquidacións e da Conta Xeral, facendo deste xeito unha “xestión negligente e caótica” dos cartos públicos, “que son de toda a veciñanza”.

Por outra parte, os socialistas denuncian que, ademais de levar sempre os orzamentos a pleno fóra de prazo, a alcaldesa do PP “incumple tamén o procedemento” porque non os publica no Boletín Oficial da Provincia para a súa exposición pública e que os veciños poidan presentar alegacións durante un período de 15 días.

## Triacastela contará con tres pasteiros grazas a unha achega autonómica

A Xunta investiu un total de 242.405,97 euros para a creación de tres pasteiros en Triacastela, concretamente nos montes veciñais de man común da Balsa e San Breixo, na parroquia da Balsa; e Cancelo, na parroquia homónima. Os pasteiros abranguen unha superficie total de 26,76 hectáreas, correspondentes a 9,86 ao da Balsa, 9,89 ao de San Breixo e 7,01 ao de Cancelo.

Para a súa posta en marcha leváronse a cabo traballos no terreo, entre eles de roza, pases de grada pesada, retirada de pedras, fertilización e sementeira, entre outras. Ademais, construíuse un peche de 500 metros, no caso de Cancelo, e de 2.133 metros lineais, na Balsa, con postes



de madeira de castiñeiro. Ademais, no de San Breixo acometeuse o arranxo en 905 metros dun camiño e colóuse unha manga de manexo móbil.

O principal obxectivo de todos estes labores é o de fomentar a gandería en extensivo na zona, ao mesmo

tempo que tamén se actúa na prevención de incendios forestais coa actividade de pastoreo.

Neste senso, búscase promover un mellor aproveitamento dos recursos naturais para traballar na anticipación aos incendios forestais e, sobre todo, garantir a rendibilidade.

## A Cova Eirós comparte manifestacións gráficas paleolíticas co Val do Cõa

A Cova Eirós é a única localización en Galicia que alberga manifestacións gráficas paleolíticas, que comparte co núcleo artístico do val do Cõa, no Norte de Portugal e que é o conxunto rupestre ao aire libre máis extenso de Europa.

Estas dúas covas comparten convencións gráficas e un corpus artístico datado a finais do Paleolítico, hai máis de 9.000 anos, segundo revelan dúas novas publicacións científicas: o artigo ‘El fin del estilo paleolítico: un caso de estudio en el Noroeste peninsular’, publicado na revista Munibe, e o capítulo ‘The Palaeolithic Rock Art of Northern Portugal and

Galicia’, inscrito dentro dunha obra colectiva publicada na editorial Routledge.

Os estudos fan unha posta ao día sobre as representacións de finais do Paleolítico en Cova Eirós e o val do Cõa, amosando a existencia de convencións e recursos gráficos compartidos nesta rexión.

Así, estas novas publicacións revelan a existencia de paralelismos estilísticos que permiten apuntar á existencia de convencións gráficas e un corpus artístico compartido na rexión en momentos finais do Paleolítico, ben sexa ao aire libre, en cova ou sobre plaquetas.

**CARPINTERIA METÁLICA**

**NUESTROS TRABAJOS EN TODA LA COMARCA DE SARRIA NOS AVALAN**

- PUERTAS AUTOMÁTICAS
- ACERO INOXIDABLE
- ESTRUCTURAS METÁLICAS
- ALUMINIO SOLDADO
- ACERO CORTEN
- REPARACIONES MAQUINARIA AGRÍCOLA

**VIMETAL TALLERES**

¡Llámenos y le informamos sin compromiso!

Camiño Francés 43, 27600 Sarria - Lugo - Fran: 699 823 746 / Jose: 669 951 703 - vimetalsarria@hotmail.com

**CARPINTERÍA METÁLICA**

- CARPINTERÍA DE ALUMINIO Y PVC
- PUERTAS, VENTANAS DE ALUMINIO
- VENTANAS DE PVC
- CIERRES EXTERIORES DE ALUMINIO LACADO
- PUERTAS MOTORIZADAS SECCIONALES Y DE CORREDERA
- MAMPARAS DE BAÑO Y MOSQUITERAS

**CAMIÑO FRANCÉS**

C/ Camiño Francés, 41 Sarria (Lugo)  
Tel.: 672 149 386 / 982 009 270  
caminofrances.aluminios@gmail.com

## EN BREVE



**RAÚL TABOADA.** Raúl Taboada, o escritor paramés, vén de publicar a súa sexta obra, 'Episodios, Escolma de Andainas', retomando así a súa obra en lingua galega. Esta obra, que se compón de relatos cortos, ten moitas referencia ao Páramo, á familia e ten unha intención didáctica cara aos seus lectores sobre o comportamento con respecto ao diñeiro e coas persoas. O máis interesante é que ten reflexións e tamén pinceladas biográficas, e dedica un capítulo enteiro ao Páramo, a súa terra natal, que di estar sempre no seu corazón.

**AXUDAS.** A Deputación Provincial de Lugo concedeu dúas subvencións a dúas entidades do Concello de O Páramo, así como o explican desde o PSOE do Páramo, que din que "coa Deputación de Lugo, O Páramo avanza". Así, 6.000 euros irán dedicados á Mancomunidade de Veciños do Monte Comunal do Faro de Friolfe co fin de acometer obras de acondicionamento área de descanso 'Tras da Chousa'. Pola súa parte, tamén se concederon 6.000 euros para a Asociación de Veciños de San Xoán de Friolfe para levar a cabo a obra Vallado campo da festa de Friolfe. Desde o PSOE animan ás demais asociacións do Páramo a que "se animen a solicitar ditas axudas, cando sexan convocada en tempo e forma" a así aproveiten a posibilidade de mellorar a vida das parroquias.

## Remata o obradoiro Ponte de Areas VI



Rematou a formación de 20 persoas do obradoiro de emprego Ponte de Areas VI, que engloba aos concellos do Páramo, O Corgo e Guntín.

O obradoiro de emprego foi promovido polos citados concellos e financiado pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade con 504.000 euros. O alcalde do Páramo explicou que hai uns días púxose en marcha a sétima edición do obradoiro, que suporá "oportunidades laborais para máis persoas desempregadas e novos proxectos de mellora de espazos públicos".

Os obradoiros de emprego ofe-

cen formación teórica e práctica a traballadores desempregados a través dun contrato dun ano de duración, ao tempo que desenvolven obras e servizos de interese social.

O alumnado do obradoiro que agora remata formouse na especialidade de Operacións de revestimentos continuos en construción. No concello do Páramo traballaron na rehabilitación dunha vivenda en en Piñeiro para alugamento social, no acondicionamento das fontes de Ardeverde, Beleigan e Outeiro, e na instalación da fonte ornamental na praza de acceso ao centro social.

## O Páramo acolle a finais de xaneiro o servizo de ITV

Unha unidade móbil de inspección técnica, a ITV, estará no Concello do Páramo entre os vindeiros días 17 e 24 de xaneiro, concretamente ao lado do polideportivo.

Así, durante oito días, as persoas que queiran achegar o seu vehículo agrícola ata a ITV para pasar

a revisión, poderán facelo se antes pediron cita previa.

O horario no que estará dispoñible o servizo será de 09.00 a 13.30 horas pola mañá, e de 15.15 a 18.00 horas pola tarde, agás o 19, que só estará pola mañá.

## O BNG denuncia a situación na que está o centro de saúde



O BNG do Páramo, representado por Marta Portero denuncia "a falta habitual de persoal facultativo deixa á poboación sen asistencia médica inmediata no centro de saúde do Páramo". Ademais, di que "a veciñanza do Páramo estamos fartas de que nos quiten servizos e fartas de non saber nunca se imos ter facultativos que nos atendan".

A situación do Páramo é especialmente preocupante, xa que ten unha poboación de 1.300 habitantes e moi envellecida, "que precisa de atención médica continua e que nunca sabe o que se vai atopar no seu centro de saúde entre baixas médicas e vacacións o centro de saúde queda sen facultativos", explican os nacionalistas.

Concretamente, durante o día de onte, 26 de decembro, denuncian que "non tivemos facultativo no centro de saúde, e hoxe día 27 non haberá ningún; e o venres pasarán consulta dous médicos solapados durante 4 horas, mentres o resto da mañá o Centro de Saúde e o Concello quedan sen ningún".

Ademais, Portero explica que a seguinte semana "vai ser unha situación igual e a isto temos que engadirle que non hai cita para receitas ata xaneiro, o que iso conleva para os pacientes, sobre todo aqueles doentes pluripatólxicos que contan con medicación crónica da que non poden prescindir".

Con esta situación, o único que lles queda aos doentes e asistir a consultas de urxencias causándolles un claro prexuízo persoal e económico e correndo o risco de saturación deste servizo.

"Seguimos agardando ese acordo que o alcalde saíu vendendo de que se ía ter médico no Páramo todos os días, pero o único que nos demostra é a falta de respecto que a Xunta de Galicia ten pola veciñanza de O Páramo. A atención primaria é a columna vertebral da sanidade pública, e non podemos deixar que nos sigan a recortar este servizo, co cal seguiremos a loitar para que entre todos nos restablezan o servizo que debemos ter en O Páramo", concluíu Marta Portero.

## O monte O Faro do Páramo suma hectáreas grazas á aprobación dun deslinde

O xurado provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Lugo vén de aprobar o deslinde do monte O Faro, propiedade da veciñanza da parroquia de Friolfe, no Páramo.

Esta resolución ten sentido pola conformidade co informe elaborado polo Servizo de Montes da Consellería do Medio Rural, que establece na nova cartografía que o monte Faro pasa a ter unha superficie

de 74,11 hectáreas, tal e como se publicou no DOG.

Este expediente ten a súa orixe no ano 2019, cando en xaneiro propúxose unha iniciativa na Xunta de deslinde parcial do monte da comunidade de Friolfe con propiedades particulares. Así, esta deu paso a un período de exposición pública no que non se presentaron alegacións, o que permitiu un informe favorable do Servizo de Montes.

**DESEÑOS A MEDIDA**  
**DAMOS FORMA A ESE PROXECTO ESPECIAL**  
*Muebles Celeiro*  
**MÁIS DE 30 ANOS O SEU SERVIZO**  
 Vilapedre 27614 (Ctra. Lu546, km16) Sarria - Lugo  
 Tel.: 982 532 451 - 625 662 962  
 www.mueblesceleiro.com /  
 mueblesceleiro@gmail.com



## O Concello segue realizando melloras na vida da veciñanza

O Goberno local de Samos continúa mellorando diferentes aspectos do municipio. Neste caso, está a limpar, acondicionar e mellorar o teito do pavillón de Samos, xa que aí é onde os nenos e nenas do Ceip Samos fan actividades deportivas, así como é o lugar onde adestran os xogadores do Samos FS.

Por outra banda, grazas a unha axuda da Mancomunidade de Municipios Galegos do Camiño Francés con valor de 4.000 euros, levouse a cabo a renovación do panel informativo que se atopa diante da casa do Concello despois dunha década.

O obxectivo desta mellora é a actualizar os lugares da vila para poder ofrecer aos peregrinos e visi-



tantes un uso práctico deste panel, xa que Samos é un Concello clave para o Camiño Francés, que cumpriu este domingo 30 anos.

Coa axuda da Mancomunidade, o Concello tamén encargou o traba-

llo de implantar a iluminación na rúa de entrada ao municipio samanense desde Triacastela, a baixada do reloxo da torre, o acondicionamento de diversas zonas públicas e a limpeza das beirarrúas e o río.

## Elena López recibe unha achega para continuar a súa traxectoria

A alcaldesa de Samos, Chus López, vén de entregarlle varias axudas de parte do Concello á deportista Elena López, despois de proclamarse campioa galega de enduro tras conseguir ser a primeira da última proba do Campionato Galego de Enduro.

López conseguiu ser proclamada deportista lucense do ano de motociclismo, ao ser campioa galega de Enduro, campioa galega XC e subcampioa da Liga da Moto, polo que desde o Concello e, en colaboración coa Deputación de Lugo, ofrecéronlle as axudas necesarias para continua a tempada 2024.



## O PP pon en valor as melloras na estrada de acceso a Frexulfre

O voceiro do PP, Miguel Gallego, pon en valor a colaboración prestada pola Xunta de Galicia para que no concello de Samos, a través do Plan de Mellora de Camiños Rurais.

Grazas a ela, explica, púidose asfaltar a estrada de acceso a Frexulfre e fíxose unha praza pública para o disfrute de todos os veciños neste mesmo núcleo. Nestas intervencións, “que xeraron un impacto moi positivo entre os veciños”, explica Gallego, a Xunta investiu máis de 37.000 euros. Miguel Gallego ademais, anunciou

novos investimentos por parte da Xunta de Galicia no municipio, como a mellora da pavimentación dun dos accesos máis transitados á aldea de Aíán, que terá un investimento de 13.000 euros.

“Con esta nova actuación, o investimento da Xunta en Samos aumentará aos 50.000 euros”, explicou, “que confirman o compromiso do goberno galego co rural, pero seguiremos traballando para acadar novas investimentos para solucionar todas as necesidades”, rematou.

## Usuarios das vivendas comunitarias participaron nunha actividade no colexio



Alguns dos usuarios das vivendas comunitarias para a terceira idade de Samos foron convidados pola directiva do Ceip Samos para participar nun taller de Nadal conxuntamente co alumnado do centro.

Así, desde o Ceip explican que “o pasaron en grande e fixeron unha chea de cousas”. Ademais, desde o centro educativo agasallaron ás persoas

que non puideron acudir á iniciativa cun detallado e unha postal personalizada.

Pola súa parte, a alcaldesa de Samos, Chus López, xunto co equipo de Goberno, agasallou aos participantes do taller cunhas mochilas con motivo do 25 de novembro, Día Internacional Contra a Violencia de Xénero.

**HONDA XL750 Transalp**

**Motolugo**  
CONCESIONARIO OFICIAL HONDA

**TRANSALP**  
Las montañas te llaman.

Camión Real, 125. 27004 Lugo  
Telf: 982 21 57 31  
Móvil: 698 17 91 81

**maderas grandas**

MADERAS Y DERIVADOS  
PUERTAS  
ARMARIOS  
COCINAS Y COMPLEMENTOS  
TABLEROS Y TARIMAS

San Julián de la Vega s/n, 27614 SARRIA (Lugo)  
Tel. 982 533 505 - Fax 982 531 731  
www.maderasgrandas.com | info@maderasgrandas.com

## A Casa Consistorial de Pacios poderá ser parte da administración local

O Concello de Paradela está a negociar coa intención de comprar a antiga Casa Consistorial localizada no núcleo de Pacios, no casco antigo de Paradela, e así formar parte do Concello.

A intención é que a administración local sexa a propietaria do inmovible para poñer en marcha neste edificio un proxecto relacionado co ám-

bito hoteleiro e de turismo que poida beneficiar a todo o municipio.

A tamén coñecida como a Casa do Secretario, é unha construción de gran valor para o alcalde de Paradela, José Manuel Mato, que defende o patrimonio e tradición que desprende, así como a súa localización, "en pleno corazón de Paradela".

## O Concello de Paradela vén de agasallar aos nenos do colexio cunhas mochilas



A concelleira Belén López fixo entrega ás nenas e nenos do Ceip Plurilingüe San Miguel de Paradela dunhas mochilas para que as enchan de soños, ledicia, agarimo e ilusións.

Esta acción, levada a cabo por Goberno local, é unha maneira de promover accións dedicadas no

colexio de Paradela para desexar-lles aos máis pequenos do municipio un bo Aninovo.

Ademais, a comunidade educativa estivo implicada nesta acto, no que conversaron coa concelleira sobre o estado actual do colexio e das necesidades para o vindeiro ano.

## Entregados os premios do XXVIII Certame Manuel Oreste Rodríguez

O XXVIII Certame Literario Manuel Oreste Rodríguez López de Paradela entregou os seus premios a María Soledad García Riveiro, Xoán X. Piñeiro Cochón, Concepción Fernández López, Gabriel Estelrich Torrens e Patricia Torrado Queiruga.

Así, o primeiro premio de poesía foi para 'As palabras son cinzas por soprar' de María Soledad García Riveiro, o segundo premio de poesía foi para 'Os trapecios terreaís' de Xoan X. Piñeiro Cochón, o primeiro premio de narrativa foi para 'Follas dun caderno de coiro marrón' de Concepción Fernández López e o segundo premio de narrativa foi para 'Vamos con todo, Johnny' de Gabriel Estelrich Torrens.

Por outra parte, houbo unha



mención especial Camiño de Santiago para 'Verba enxertada' de Patricia Torrado Queiruga. Así, desde o Concello agradeceron a alta participación e a calidade das obras presentadas.

O deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera,

destacou durante o acto, celebrado no Centro Sociocultural que leva o nome dos galardóns, que este certame, "amosa o nome da provincia de Lugo lonxe das nosas fronteiras", demostra a riqueza cultural e a capacidade dinamizadora do rural.

## O polígono industrial contará cun aparcadoiro grazas á Deputación

A Deputación de Lugo vén de aprobar a adjudicación das obras para a construción dun aparcadoiro no polígono industrial de Paradela, que xestiona a propia Deputación de Lugo, por un importe de algo máis de 130.000 euros.

A empresa adjudicataria é Oligalia Contratas, que construíra un estacionamento co que a institución provincial "dotará de máis servizos ás empresas e será un valor engadido para atraer novos

proxectos empresariais á zona", subliñou a deputada Pilar García Porto.

Así, estará situado na entrada do parque empresarial, xusto ao carón da estrada provincial LU-P-4201, á altura do quilómetro 1,2 e terá unha superficie de 1.720 metros cadrados, e contará con 42 prazas, dúas delas adaptadas. Os traballos consistirán na demolición do muro de mampostería existente e tamén do firme da es-

trada provincial no lugar no que se vaia facer o estacionamento. Así mesmo, será necesario retirar terra e facer desmonte, ademais de escavar pozos para a rede de pluviais. Contémplase tamén colocar tubaxe para canalizar a auga e sumidoiros. Logo, farase o correspondente afirmado, pavimentación e sinalización, tanto horizontal coma vertical.

O prazo de execución destas obras é de 2 meses, unha vez iniciadas.

**Supermercados PARADELA**

**Su supermercado de confianza**  
Servicio de carnicería

Calle Cabaleiros de Santiago, 77 Bajo  
27611 PARADELA / Telf.: 982 541 532

**logopedia**  
Centro de  
M<sup>o</sup> del Mar Tourón  
N<sup>o</sup> de colegiado 15/0048

**Y TÚ ¿CÓMO HABLAS?**

**TRASTORNOS**

- MIOFUNCIONALES
- AUDICIÓN
- LENGUAJE ORAL Y ESCRITO
- HABLA
- VOZ

**NIÑOS Y ADULTOS de 0 a 99 años**

Rúa Pedro Saco, 35 Entlo. 27600 Sarria Tfno.: 669 260 537 m\_martl@hotmail.com

# “Queremos construír un parque infantil en Eirexalba”

Toni Rodríguez López é o presidente da Asociación Fanagueiros

## Como xorde A Asociación Fanagueiros?

A Asociación creouse hai trinta anos, máis ou menos, cando un home que era de aquí de Eirexalba emigrara e, ao volver, quixo promover actividades culturais nesta parroquia e foi pasando e xeración e xeración. O nome vén de fanegas de trigo, porque se di que aquí había moito trigo. Eu levo como presidente da mesma xa 12 anos e agora mesmo queda moi pouca xente no pobo, ningún neno, moita xente vella e ninguén que queira facerse cargo dela, aínda que somos 110 socios, é dicir, case todo o pobo. A maioría son de aquí, de Airexalba, outros son das parroquias limítrofes, como Laiosa, O Incio... e outras persoas viven fóra do municipio, pero teñen casas aquí ou veñen en verán.

Tamén temos colaboradores, como negocios e entidades, que son de concellos próximos, como de Bóveda e de Sarria.

## Que actividades organizan?

Na nosa asociación organizamos cada ano as mesmas actividades: un Campionato de Tute cando comeza a primavera, sobre maio ou xuño promovemos unha excursión, que ás veces é conxunta, por exemplo, coa Asociación de Laiosa; logo en agosto é a Festa grande de Eirexalba os días 10 e 11, nos que facemos queimada popular e o Campionato de Billarda, que o levamos organizando 25 anos, e ademais, ese día orga-



nizamos tamén xogos tradicionais para os nenos. A última actividade que organizamos é o magosto, que o celebramos a principios de novembro. Por outra parte, todos os anos elaboramos unha especie de revista informativa para todos os socios e veciños de Eirexalba onde contamos as actividades

que fixemos durante o ano, explicándoas e poñendo moitas fotos.

## Como é a acollida da Asociación polos veciños e veciñas?

Sempre tivemos moi boa acollida, nunca tivemos ningún problema e todo o mundo colabora con nós no que necesitamos, xa que



é unha maneira de darlle vida a Eirexalba e incluso hai persoas que teñen ascendencia no pobo e só veñen como tradición á festa de agosto ou ao magosto que organizamos. Os nosos socios, arredor de 110, pagan unha cota de 12 euros e con iso puidemos facernos coa escola de Eirexalba, cuxa planta baixa cedémola para facer unha Casa Niño na parroquia, e tamén contamos co pavillón, que o temos cedido, e alí organizamos moitas das nosas iniciativas.

## Por que é importante este tipo de asociacións para un Concello como o do Incio?

A verdade é que se non hai nada como isto, os veciños nin se xuntan, só se ven no magosto, e nalgunha data de reunión, que facemos por reunirmos todos os veciños. Como comentaba, á festa de agosto vén xente de fóra, xa que a xente ten casa, pero non vive aquí. Ademais, non hai nenos. As únicas rapazas que hai xa están facendo a ESO en Sarria. E na Casa Niño hai nenos do municipio, pero non son de Eirexalba. Cando eu estudaba, íamos 9 en autobús de Eirexalba ao Incio e despois deixaron de haber nenos na parroquia, polo que dar vida a este lugar fai que, polo menos, se siga falando desta zona do Incio.

## Teñen apoios institucionais?

Si, temos axudas do Concello do Incio, da Xunta de Galicia e da Deputación de Lugo. Todo o que podemos solicitar en subvencións e axudas, facémolo. A nosa intención para o futuro é facer obras para mellorar a Casa Niño e construír un parque infantil para que os pequenos da Casa Niño poidan desfrutar dunha zona lúdica, así a ver se algún pai se anima a quedar en Eirexalba.

## O núcleo do Trascastro está cada vez máis preto de ser aldea modelo

O Concello do Incio vén de adquirir a antiga casa reitoral de Trascastro, un molino e unha leira con motivo da construción da aldea modelo de Trascastro, para o que se prevé a rehabilitación integral deste núcleo.

En total foron máis de 90.000 euros o presuposto dedicado para a compra destes inmobles, que puido facerse grazas á financiación da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia. Así, a reitoral foi mercada ao Obispado e o molino e a leira a uns particulares, aínda que o Concello intenta tamén mercar un segundo molino en Trascastro para incluílo no proxecto. Pola súa parte, a Fundación RIA, creada polo arquitecto David Chipperfield, gañador dun premio Pritzker; está a elaborar un plan de dinamización da aldea modelo e, a través del, establecerase o uso dos inmobles adquiridos.

## A Furgoteca volve os vindeiros 15 e 22

O servizo de Bibliotecas Móviles de Galicia, a Furgoteca, volverá, unha vez máis ao Incio os vindeiros días 15 e 22 de xaneiro.

O primeiro día será o luns 15, que comezará o seu percorrido en Eirexalba ás 11.00 horas, logo irá ata Laiosa, ás 12.00 horas. Máis tarde, ás 14.00 horas viaxará ata o centro sociocultural da Cervela, e por último rematará no Val do Mao de Santo Eufrasio ás 15.00 horas. Pola súa parte, o día 22 estará diante do centro sociocultural de Santa Cruz do Incio de 12.50 a 15.30 horas.

CLASES IMPARTIDAS POR UN:  
Multimedallista nacional  
Bicampeon de España absoluto  
Bronce Europeo 2019  
Campeón de Europa por equipos en 2021  
Mundialista en 3 ocasiónes, 2018, 2022 y 2023

Escuela de  
**TAEKWONDO**  
SARRIA

MEJORA DE CONDICIÓN FÍSICA  
AMISTAD TRABAJO EN EQUIPO DISCIPLINA  
CONFIANZA AMBICIÓN HUMILDAD RESPETO

@AC\_TAEKWONDO AC TAEKWONDO 664 765 985

**ALBORADA**  
CLÍNICA VETERINARIA

- MEDICINA PREVENTIVA
- MEDICINA GENERAL
- CIRURXÍA TEJIDOS BLANDOS
- PELUQUERÍA
- TIENDA ESPECIALIZADA
- LABORATORIO
- DIAGNOSTICO POR IMAGEN

y mucho+

URGENCIAS 24H  
**646 046 954**

WWW.CVALBORADA.COM · 982 53 36 59  
Rúa Caneiro, 1-3, bajo · 27600 · Sarria · Lugo

# COLABORACIÓN

## Pais helicópteros

O PUPITRE



Julio Díaz

**E**stos pais tratan de asumir unha responsabilidade excesiva nas experiencias, nos éxitos e nos fracasos dos seus fillos. Son pais “comprometidos” coa crianza dos seus fillos e moi a miúdo excédense no que eles entenden como un cariño inmenso e desinteresado. Ocorre moitas veces que este cariño ten efectos negativos no desenvolvemento adecuado da personalidade dos seus fillos. Estes pais coñecidos como “pais helicóptero” preocupáanse en exceso pola súa seguridade e polo seu benestar creando unha “burbulla” protectora sobre eles.

Se ben a intención é boa, esta forma de educar adoita levar a unha grande dependencia e inseguridades nos seus fillos. Os pais helicópteros acostuman ser figuras sobreprotectoras que “sobrevolvan” constantemente sobre os seus fillos/as para ter un control absoluto sobre as súas vidas.

A sobreprotección enténdese como o exceso do coidado por parte dos pais sobre os seus fillos/as, é unha implicación emocional intensa e constante que leva a unha necesidade imperiosa de control do seu fillo o filla. Ponse como pretexto as boas intencións de velar pola súa seguridade. Mais, non se pode ter os rapaces illados nunha burbulla, de maneira que pase a ser o centro de todas as atencións, ocultándolle todos os perigos, isto so fai que non se deixe evolucionar,



entorpecendo o seu desenvolvemento. En moitas ocasións, os pais fomentan conductas inaceptables e non deixan que realicen determinadas tarefas porque prefiren facelas eles, intentando evitar riscos

innecesarios. Pensan que o mellor e facerlles a vida máis fácil e por iso procuran anticiparse a calquera necesidade ou perigo que os rapaces poidan ter.

O que conleva esta sobreprotección é que a maioría das veces xéralles dificultades para cumprir as normas e límites impostos, potencia a desadaptación familiar, prexudica a súa adaptación social e o seu desenvolvemento psicolóxico; estas conductas sobreprotectoras evitan que o neno experimente situacións incómodas, sendo os seus pais os que resoven os problemas sen darlle oportunidade aos/as nenos/as de defensa por si mesmos, impedindo que exploren e experimenten, evitando así unha magnífica oportunidade de aprender, permitindo que fagan o que queiran a pesar da existencia de


normas e regras.

Levar á práctica este supercontrol non deixa que os rapaces evolucionen emocionalmente, afectándolles na súa madurez e impedíndolles converterse en persoas críticas, independentes e autónomas, producindo neles sentimentos de inseguridade.

É imprescindible recordar que educar fillos independentes e seguros non significa abandonalos ou deixalos desprotexidos. O que se trata é de atopar un equilibrio entre axudalo e permitirlle desenvolver habilidades para afrontar os desafíos da vida por si mesmos. Os pais debemos estar presentes como guías e proporcionar as ferramentas necesarias para que os nosos fillos adquiran seguridade, confianza e autonomía. Esa é a nosa función.

## Un perreo transcendental

CULTURA



Rebeca Maseda

**O**título do artigo soa a chiste verdade? Pois non o é. Como xestora cultural formo parte de varios proxectos, entre os cales se atopa Ensemble Sonido Extremo. Un conxunto de intérpretes de primeiro nivel -tanto no artístico como no humano especializados/as no ámbito da música contemporánea, da nova creación. Como responsable de coordinación e produción desta marabillosa formación, tiven a honra e o pracer de participar na estrea da ópera “La Paz Perpetua”. Pero antes de con-

tarvos de que vai o asunto, quixera expresar con toda a sinceridade do mundo, o máxico e especial que é presenciar o nacemento dunha nova obra, unha ópera neste caso concreto, onde a sinerxía entre música e literatura se volve perfecta. Un parto artístico sempre é complexo, moitas horas de traballo e preparación -o que a veces tamén se traduce inevitablemente nalgúns momentos de tensión-, tomar decisións que non gustan a todos/as... En fin, que como xa sabedes, non hai parto sen dor. Iso si, cando xa podemos albiscar o final do camiño e as engrenaxes están a funcionar ben, a ledicia e satisfacción é tal, que as emocións positivas inundan o ambiente, dándolle un sentido a todas as experiencias vividas.

Pois ben, o feliz nacemento tivo lugar o pasado 25 de novembro no Teatro López de Ayala de Badajoz dentro do programa “Ópera Joven”. Dito isto, de que vai “La Paz Perpetua”? Atentos/as á sinopse porque non deixa a ninguén indiferente: Tres cans, Emmanuel (pastor alemán), Odín (rottweiler impuro) e John-John (palleiro) son elixidos polas súas calidades para optar a formar parte dun equipo de loita antiterrorista de elite. Nun lugar secreto sométense a unha serie de probas que decidirán quen dos tres formará parte do K9. A primeira proba mide a súa capacidade olfactiva. A segunda é un exame psicotécnico e a terceira unha entrevista persoal. O condutor das probas é outro can, Casius (labrador), un vello heroe na

loita antiterrorista, cheo de cicatrices e feridas de combate. Con eles atópase unha muller, á que chaman sinxelamente “Humano”. Os tres cans superan con moi boa puntuación as tres probas e deben someterse a un cuarto desafío como desempate. O Humano exponlles un dilema ético e cada can reacciona dun xeito diverso concluíndo nun trágico final.

Non me digades que non é absolutamente xenial...!!! Os creadores desta fantasía de ópera son o compositor José Río-Pareja (Barcelona, 1973) -autor da música- e o dramaturgo Juan Mayorga (Madrid, 1965) -autor do libreto baseado na súa obra de teatro homónima-. Quixera deixavos por aquí algunhas reflexións interesantes dos nosos

protagonistas:

«Desde a primeira lectura de “La Paz Perpetua” sentínme atrapado polas posibilidades musicais dun texto que, a través de tres cans e un conxunto de probas inverosímiles a superar, cuestiónannos sobre o terrorismo, o fráxil equilibrio entre a idealización dos obxectivos e os valores éticos, a violencia física ou o uso da palabra, e mesmo a existencia ou non existencia de Deus. A cada parágrafo, novas preguntas musicais “mordánme” como compositor á vez que me confirmaban a potencialidade dramática do texto».

«Descubrín as personaxes de “La Paz Perpetua” nun aeroporto, con buceira e correa, atentos a calquera sinal sospeitoso. Ao ver aqueles cans policía, obedientes e ameazantes, pregunteime que pensarían -si: que pensarían- sobre a guerra na que estaban a participar, e decidín compoñer esa peza que aboca á vella pregunta sobre o mal necesario: “Pódese -ou débese- facer un mal para obter un ben?”. Non escribín a obra para responder a esa pregunta, senón para exporlla aos espectadores/as».

Só podo rematar esta humilde homenaxe a “La Paz Perpetua” con estas sabias -e á vez desoladoras - palabras do gran Mayorga:

«Distinguir o xusto do inxusto; iso só pode facelo hoxe o corazón dun can».

**Peluquería Isolina**  
Tu peluquería de confianza desde 1987  
Avda de Castilla, 19 - Triacastela 617 403 579

**Vazquez Autos**  
Rúa Matias López, 126  
27600 - SARRIA (Lugo)  
Tel. / Fax: 982 530 707  
Móvil: 669 199 533  
vazquezautos@hotmail.com  
pelayo Agente Exclusivo

# DEPUTACIÓN



## Os concellos recibirán do Plan Deputación 21,75 millóns

O Goberno provincial aprobou no Pleno ordinario de fin de ano as bases do Plan Deputación de Lugo de Cooperación cos Concellos (antes Plan Único), que decidiu subir ata os 21,75 millóns de euros, o que supón transferirle aos 67 municipios da provincia o 20 % do orzamento provincial, seguindo criterios públicos e obxectivos –como son a superficie, a poboación, o índice de envellecemento e a dispersión territorial-, e cun respecto total á autonomía municipal.

O programa de investimentos saíu adiante grazas aos votos a favor de PSdeG e BNG, e a abstención do PP. O presidente, José Tomé, valorou positivamente este acordo que lle permitirá aos 67 concellos da provincia desenvolver actuacións en materia de infraestruturas, creación de emprego, Servizo de Axuda no Fogar, actividades, eventos, administración electrónica ou protección civil.

O Plan Deputación forma parte do “noso compromiso de máxima coo-

peración cos concellos. Cada ano incorporamos melloras, sempre pensadas para facilitarlle a planificación e a xestión dos investimentos, e para que estes fondos sirvan da mellor maneira posible para atender as necesidades dos seus veciños e veciñas”, subliñou o mandatario.

**PLAN DEPUTACIÓN.** “Cumprimos co acordo que temos no Goberno de incrementar ao longo do mandato o Plan Deputación nun millón de euros, cun cuarto de millón cada ano. Polo tanto, no 2024 subímolos en 250.000 euros. Tamén se modifica o tope máximo que había, sendo coñecedores de que os concellos que teñen máis poboación tamén teñen máis necesidades”. Exemplificou o mandatario provincial que as obras que se fan grazas a este programa son “moitas, son máis de mil obras que se financian co Plan Deputación, por iso tamén lle cambiamos o nome para que se identifique mellor quen fai os investimentos”.

“Afianzamos o peso deste plan nos presupostos provinciais, cun nivel de compromiso cos concellos que non ten parangón na Xunta de Galicia –pois non conta cun plan semellante, e mantén o Fondo de Cooperación Local nun raquíto 1,1 % do total do seu presuposto-; nin tampouco nas deputacións de Ourense –que se apunta a esta medida, pero queda moi por debaixo desta institución-, e de Pontevedra –que recorta os fondos en máis dun 21%”, afirmou. A Deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, defendeu que esta maneira de traballar “responde a un xeito de gobernar, de entender a acción política dende as institucións, cunha forma de entender a xestión do público, do de todos, para que chegue a todos os municipios e veciños e veciñas da provincia”. Porto concretou que será cada concello o que priorice e decida, en función das súas necesidades como e onde quere investir os fondos que lle achega a Deputación.

## A institución aproba os orzamentos do 2024

O Goberno provincial aprobou definitivamente tamén os orzamentos da Deputación para o ano 2024, que entraron en vigor o 1 de xaneiro. A institución contará con 116 millóns de euros, un 5,32 % máis ca neste 2023, para ofrecer máis servizos públicos e favorecer o dinamismo económico da provincia, sobre todo no rural.

O presuposto saíu adiante, xa que, seguindo o informe do servizo de intervención, desestimáronse as dúas únicas reclamacións presentadas ao mesmo durante o período de exposición pública –unha polo alcalde de Becerreá e outra pola Plataforma Pro Residencia da localidade-, dado que “xa existe crédito orzamentario para dotar de equipamento e seguir avanzando cara a apertura do centro coa incorporación de remanentes”.

Así o explicou a deputada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Mayra García Bermúdez, quen, aludindo ao informe de Intervención, lembrou que o convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello de Becerreá para a construción da residencia contempla a aplicación das baixas das licitacións ao propio centro, e que “os remanentes á data actual ascenden a 1.318.781,98 euros”. Así mesmo, “existe unha dotación de 300.000 euros no orzamento dispoñible de ser preciso”. O vicepresidente da Deputación de Lugo Efrén Castro valorou o Plan Deputación como unha ferramenta fundamental para a financiación de investimentos nos concellos.

Durante o pleno, o vicepresidente destacou que “os concellos recibirán 21,75 millóns de euros, distribuídos seguindo criterios obxectivos, establecidos nas bases da convocatoria que aprobamos hoxe, garantindo que todos os concellos saiban os recursos dos que van dispoñer para o ano que vén”.

**SERVIZOS SOCIAIS.** As bases do Plan Deputación está publicadas e os concellos poderán concretar as accións a desenvolver cos fondos asignados, distribuídos en función da superficie, a poboación, o índice de envellecemento e a dispersión territorial. Ademais de investimentos en infraestruturas, o Plan Deputación ofrece aos concellos financiamento para outros servizos como a axuda no fogar; actividades e investimentos culturais, deportivos, administración electrónica e protección de datos, protección civil, celebración de eventos turísticos, feiras, mercados, así como programas de emprego para atacar o despoboamento e o paro.

**RESIDENCIAS.** García Bermúdez lanzou unha “mensaxe de tranquilidade” aos veciños e veciñas de Becerreá porque “este Goberno cumpre”. Así o demostra, incidiu, coa apertura no pasado mandato de seis centros de atención a maiores, co que conta con 9 en funcionamento. Ademais, ten dúas residencias en construción, e avanza no procedemento para abrir a de Becerreá e outras 6, co que completará a rede de 18 previstas.

### SONDEOS CORDERO

Especialistas en pozos de barrena

Máis de 30 años de experiencia trabajando en la comarca de Sarria

- Distintos diámetros de perforación desde 125 mm hasta 200.
- Electrobombas solares y eléctricas.
- Hacemos pozos dependiendo de las necesidades de cada cliente.

¡PÍDANOS PRESUPUESTO SIN COMPROMISO!

Tfno.: 629 070 720  
Triacastela Lugo

## REVESTIMIENTOS FONTAL

INTERIORES Y EXTERIORES EN YESO, MORTERO Y MONOCAPA • PLADUR Y REFORMAS

Plaza de Galicia, 6-8 SARRIA (Lugo)  
Tel.: 982 532 571 / Móvil: 629 924 572

## DEPORTES

# Regreso ao verde tralas vacacións

Os equipos da provincia proseguen coa Liga despois do descanso de dúas semanas do Nadal coa mirada posta no ascenso

O Nadal trouxo para todas as categorías do fútbol un merecido descanso de practicamente dúas semanas para acometer a segunda quenda da Liga, que se retomou para a maior parte deles na primeira semana de xaneiro.

Moitos dos equipos da provincia fixeron os seus deberes antes da pausa de decembro e acometen esta segunda fase con moitas esperanzas de lograr un ascenso de categoría ou mesmo a permanencia noutros casos.

Pero o tempo de descanso de Nadal trouxo moitas sorpresas tamén. O primeiro equipo da provincia, o CD Lugo, anunciou tralo último partido, a destitución do seu adestrador, Pedro Munitis, que foi substituído polo portugués Paulo Alves, técnico cunha notable traxectoria no mundo do fútbol do máis alto nivel.

O CD Lugo foi o primeiro en volver pisar o verde, o día 2 de xaneiro, coa visita do Celta Fortune, o líder do grupo, no Anxo Carro. Situado entre os dez primeiros, o albivermello contempla como unha posibilidade clara a permanencia na categoría, á que descendeu no pasado curso, facendo valer os resultados ata o de agora, entre os que figuran un gran número de empates.

Os resultados foron os que levaron á saída do anterior adestrador, malia que o equipo só perdeu unha vez fóra de casa, en Cornellà. A piques de chegar ao ecuador da tempada, o CD Lugo ten unha difícil tarefa para manterse en postos de play off para o ascenso.

Unha situación moi similar está a

vivir o Vilalbés de Simón Lamas, situado tamén no top ten da Segunda Federación, categoría na que está a facer o seu labor e na que os empates xogaron un importante papel de cara a manterse na parte alta. Os vilalbeses recibiron ao Pontevedra no reinicio da competición e no partido que marcou a fin da primeira volta. Os resultados, moi parecidos aos do Lugo en número de vitorias e derrotas, ofrecen unha visión de respecto ao adestrador, Simón Lamas, un home de club.

Tamén volveron ao verde os equipos de Terceira Federación da provincia de Lugo, os tres na zona morna dunha táboa na que case non hai distancias. O mellor situado é a Sarriana, que ten a promoción a menos de dez puntos aínda que con moitos equipos por diante a escasas distancias. En peor situación están o Viveiro e o Polvorín. Os dous teñen un pé xa na categoría inferior. De feito, o filial do Lugo, que tamén cambiou de adestrador, non logra saír dunha dolorosa quenda de derrotas.

Na categoría inferior, o CD Castro e o Ribadeo FC sobreviven no medio da táboa nunha categoría na que as distancias son tamén poucas agás co líder, o Noia, que saca xa unha cómoda vantaxe. Os mariñaos e os chairegos, que tiveron un percorrido moi diferente, teñen poucas opcións de poñerse nalgún dos dous únicos postos de promoción, pero si de manterse para o ano que vén.

Estao pasando peor o Club Lemos, que sobrevive preto da zona de descenso facendo valer os empates, xa que é o equipo que máis ten dentro



da categoría. Xusto por debaixo está o CD As Pontes, club coruñés moi vinculado á Terra Chá, que xa o ano pasado logrou manterse en Preferente por pouco e que este non logra mellorar posición.

Tempada para esquecer é a do Residencia, que non logra saír do pozo do descenso, lonxe polo tanto da sétima posición na que rematou a pasada campaña.

**FÚTBOL PROVINCIAL.** Nas categorías inferiores, o Pol vai camiño do ascenso a Preferente, logo de varios intentos nas tempadas anteriores. Aínda non fixo máis que gañar e mantén unha ampla vantaxe cos seus perseguidores, que en primeira liña están Escairón e Chantada Atlético. As malas noticias son para o Portomarín, Milagrosa e Guitiriz, situados na zona vermella.

Na Segunda Galicia, o Pastoricense lidera o grupo Norte, seguido de preto por Vilalbés B, Iberia, San Ciprián e

Folgueiro, que ocupan polo momento os postos de promoción. Non volverán á competición ata a segunda fin de semana de xaneiro debido á disputa da Copa Deputación na súa fase previa.

Na parte baixa están Muimenta e Roupas.

No sur, o Oural é o que ten máis vantaxe para chegar ao ascenso directo logo dunha gran primeira parte de Liga. Ao asexo están Friol, Becerreá, Brollón e Antas. O descenso está agora definido para SD Chantada B e Spórting Lucense.

Na Terceira Galicia norte, o Barreiros está destacado na carreira polo ascenso, co Casás, debutante este ano, ocupando o segundo banzo da táboa. As opcións de play off son para Goiriz, Rioaveso, Castroverde e Piringalla.

No sur, os ascensos directos están no Páramo e en Rubián mentres que os postos de play off ocúpanos Sober, Río Sil, Santa Comba e O Corgo.

## FÚTBOL BASE

Para os xuvenís de competición nacional, a situación é complicada. Tanto o Lugo de División de Honra como o de Liga Nacional están na zona vermella e necesitan remontar para salvar a categoría. Esta mesma situación atravesa o Lugo infantil de División de Honra, mentres que o cadete está na zona alta logo dunha gran primeira fase.

Na xuvenil galega o Vilalbés mantense en zona de promoción, mentres que o Viveiro afiánzase discretamente no medio. O Residencia está provisionalmente fóra de perigo pero na zona conflictiva e a debutante Sarriana non logra saír do pozo. Nos cadetes, o Lugo B e o Residencia quedan na zona media. Dispar tamén a situación na infantil, na que o Viveiro toca a zona de promoción mentres o Vilalbés e o Polvorín intentan saír do descenso. Nos femininos, o PM Friol cadete está na zona baixa, superado polo Milagrosa. Pola contra, as milagrosistas do infantil están enganchadas á parte alta.

Nas provinciais, os da zona norte teñen ao Milagrosa xuvenil moi destacado na loita polo ascenso á Galega. Na cadete, Lourenzà, EF Polvorín e San Roque están á cabeza dos seus grupos para entrar na loita pola categoría superior, e na infantil os privilexiados son Lugo B, Residencia e Milagrosa.

## Comeza a Copa Deputación

A competición deu comezo coa Fase Previa para os 56 equipos de Segunda e Terceira Galicia. Os dezaseisavos de final serán o 11 de febreiro, octavos de final o 28 de marzo, cuartos de final o 1 de maio, semifinais o 2 de xuño e a final o día 9.

Por outra banda, os 22 equipos da Preferente Autonómica e Primeira Autonómica Masculina teñen a fase previa o 11 de febreiro, octavos de final o 28 de marzo, cuartos o 1 de maio, as semifinais o 26 de maio e a final o 2 de xuño.

Os 10 equipos da Liga Galega 1 División Feminina e Liga Galega 2 División Feminina teñen fase previa o 11 de febreiro, os cuartos de final son o 28 de marzo, as semifinais o 2 de xuño e a final o día 9.

FRIOL B	2-4	IBERIA
CABREIROS	3-2	MONDOÑEDO
CELEIRO	2-2	ROUPAR
GOIRIZ	0-2	CASTROVERDE
SAN CIPRIÁN	1-1	COMERCIAL
CATRO ROLDAS	2-0	RIOAVESO
FOLGUEIRO	1-2	VILALBÉS B
BARREIROS	1-1	COSPEITO
PIRINGALLA	4-0	ALFOZ
COMERCIAL B	0-5	CANDELARIA
MATELA	2-3	XERMADE
ABADÍN	1-2	PASTORICENSE
RÍO SIL	2-2	CARABALLEDO
RELÁMPAGO	0-4	BECCERREÁ
BROLLÓN	3-2	CHANTADA B
TABOADA B	1-4	ANTAS
PALAS	0-0	QUIROGA
FRIOL	1-1	SAN LÁZARO
MONTERROSO B	2-4	OURAL
O PÁRAMO	3-2	O INCIO
CORGO	2-2	FERREIRA
RUBIÁN	0-0	SANTA COMBA
CHANTADA ATL B	4-2	SP LUCENSE
SOBER	0-3	PARADELA

**La abuela Delfina**  
embutidos  
**Triacastela**

- Embutido artesano sin aditivos químicos ni alérgenos.
- Curación natural con leña de roble (Chorizo, salchichón, lomo, botelo, cachola, panceta, espinazo, laón, uñas, rabol).
- Servicio de envíos a domicilio a toda España.
- Venta en las propias instalaciones.

Cancelo 17 • Tlf: 636 657 415

**En Carnaval, prepara tu cocido con nuestros mejores productos**

# 1º Carreira Andaina Solidaria de Nadal do Puebla Futsal de Láncara

Varios concelleiros de Goberno local de Láncara participaron da 1ª carreira-andaina popular benéfica organizada polo equipo de fútbol Puebla Futsal e coa colaboración da asociación 'O noso lar'.

Todo o diñeiro recadado coa participación de decenas de veciños e veciñas do municipio irá destinado á Asociación de persoas sen diagnóstico, que valoran positivamente esta iniciativa.

Un dos veciños de Láncara é socio desta asociación e desde a entidade sosteñen que "a súa familia sempre está aportando á nosa asociación con maravillosas iniciativas que sempre se traducen en fondos para



que sigamos coa busca do noso ansiado diagnóstico", concluíron. O percorrido foi de 3.300 metros por toda a xeografía da Pobra e as per-

soas interesadas en participar poderán facelo tanto correndo como andando, xa que o motivo da carreira é recadar fondos.

## Tres sarriás estiveron nos Campionatos de España de Baloncesto do ano



As xogadoras de baloncesto sarriás, Rosa Díaz Ogbemor, Lúa López Tallón e Noa López Tallón; foron convocadas pola Federación Galega de Baloncesto para competir nos Campionatos de España de Seleccións Autonómicas Cadete e Infantil celebrados entre o 3 e o 7 de xaneiro en Huelva.

Concretamente, Rosa Díaz Ogbemor e Lúa López Tallón formaron parte da Selección Galega infantil e Noa López Tallón participou coa Selección Galega cadete.

Esta non era a primeira vez que participaban en campionatos coa Selección Galega, xa que Rosa e Lúa

representaron a Galicia no Campionato de España de 3x3 Ou13 celebrado en Blanes o pasado ano, ademais de representar a Galicia en San Fernando en categoría mini.

Pola súa parte, Noa pecha así a súa terceira e última participación nos campionatos de seleccións representando a Galicia ao terminar o seu ano cadete e non celebrarse xa en categoría junior.

Desde a contorna familiar das xogadoras, sosteñen que o seu "esforzo, traballo e sacrificio viuse recompensado e xuntas viviron unha experiencia increíble, chea de momentos fermosos".

## Rematou un bo ano para o CB Sarria

Por Adrián Fernández.

Despedímolo 2023 con moito baloncesto, un bo ano no deportivo para o club.

Comezamos polos máis pequenos, neste caso polos equipos femininos Casa Barbadelo e Fisioterapia Ivonne Castro que pecharían o ano xogando o derbi entre elas, encontro que se levarían as segundas o que as deixa na primeira posición con 3-0 mentres que as do Casa Barbadelo seguen sextas con 0-3. No caso dos preminis masculinos o Oso Blanco segue a gañar o que os deixa tamén primeiros con 3-0 no grupo A, mentres que o Cementos Cosmos colleitou a segunda derrota o que os deixa con 1-2 na cuarta praza do grupo B. Na categoría mini, o equipo feminino tivo que xogar a maiores os dous adiados, pero foi un bo mes xa que lograron tres vitorias de catro partidos e subiron da 7ª ata a 3ª posición da 1ª división cun balance de 4-2

para as de Sarria. O equipo masculino mantívose no grupo A pero comezou a segunda fase con derrota en Lugo contra Estudiantes.

Na categoría infantil, o feminino caería en Burela e non se clasificaría para as semifinais tendo que xogar as eliminatorias polo 5º posto; en cuartos de final eliminou ao Bolboreta San Xillao e agora espera Estudiantes na seguinte rolda. Pola súa contra o preinfantil masculino acadaría dúas derrotas máis que o baixan á 5ª posición empatado con tres equipos, Culleredo, Baxi Ferrol e Hotel La Torre Ferrol.

Toca agora falar da categoría cadete, ámbolos dous na segunda fase e no segundo grupo pero, mentres que o equipo feminino esta a coller confianza de cara a fase de primavera (2 vitorias e 1 derrota), o equipo masculino rematou mal o ano con dúas derrotas, en Lugo contra Cidade e na casa contra Viveiro.

A categoría júnior está a ser a mellor ata o momento, o equipo masculino gañaría a Ensino e ao Celtas rematando na segunda posición con 8-2 a fase de inverno, pero fora das eliminatorias polo ascenso, pola súa contra o feminino acadaría dúas vitorias máis rematando a fase sen perder un só encontro (10-0) pero non serían quen de conseguir o ascenso despois de perder os dous encontros contra Peleteiro, 58-50 en Santiago e 43-45 en Sarria, unha mágoa pero terán outra oportunidade na segunda fase de tempada.

Por último o sénior. O equipo feminino remataría o ano con dúas duras derrotas na casa ante Laracha e Ensino que as baixan á 9ª posición cun balance de 3-5 mentres que o equipo masculino segue forte na casa (dúas vitorias ante Basquet Coruña e Narón) pero cóstalles fora (derrota ante Calvo Artai) o que os mantén na 5ª posición con 6-6.

### AC TAEKWONDO DE SARRIA



Mateo Fernández, profesional do taekwondo do AC Taekwondo de Sarria, competiu en categoría cadete infantil masculino, unha categoría composta por 37 deportistas, no Campionato de España por clubs de taekwondo. Durante o Campionato, Mateo realizou dous *poomsae* que lle permitiron pasar á final en posición de medalla de bronce a través "dunha gran actuación nesta primeira rolda", tal e como defende o seu adestrador, Álex Camba. Finalmente rematou a súa participación no campionato en 8ª posición, e colocouse entre os 8 mellores de España da súa categoría.

**PINTOR**  
PINTURAS HOGAR  
**LATAS**  
tel.: 659 76 79 36

**PINTURAS - BARNICES  
PERSIANAS  
PAPEL PINTADO  
TARIMA FLOTANTE**  
659 767 936

**HOGAR  
CORTINAS - STORES  
RIELES  
ALFOMBRAS  
EDREDONES**  
C/ Benigno Quiroga,  
93-95, bj - 982 533 497  
**SARRIA (Lugo)**

**MARMOLES  
VILARO**

**ESPECIALISTAS EN**

- PIEDRA NATURAL
- PORCELÁNICOS Y CUARZOS \*
- ENCIMERAS DE VANGUARDIA
- GRABACIONES EN PIEDRA
- MOLDURADOS

\*De las más prestigiosas marcas del mercado

📍 Políg. Ind. Balmao - Betote, S/N  
27617 - Sarria (Lugo)

☎ Tel. 982 532 577 - Fax 982 532 577

✉ marmolesvilaro@hotmail.com

🌐 www.marmolesvilaro.com

## DESCUBRINDO O PATRIMONIO

# Samos: Capela do Ciprés

Case encostado á Capela atópase esta árbore milenaria que está considerada entre as 50 máis notables do país

**A** Capela do Ciprés ou do Salvador de Samos atópase a uns cen metros do Mosteiro de San Xulián de Samos e é o resto máis antigo que conserva, xa que podería ser unha cela monástica.

A súa construción en laxes de lousa data do final do século IX ou principios de século X e é de estilo mozárabe e prerrománica. Consta de dous corpos de planta lixeiramente trapezoidal, nave e cabeceira.

A pequena capela dunha soa nave de ábsida rectangular conta con muros de cachotería de laxes nos que se abren pequenas e alongadas xanelas. A súa cubrición, a dúas augas, cóbrese de lousa sobre base de madeira. Unha pequena bancada rodea a capela e destaca o arco do interior da capela.

Un trazo característico é que a porta está situada nun lateral sur cuxa curvatura tende á forma de ferradura. Na fachada principal, mirando ao río Oribio, apréciase unha xanela de dobre arco á que lle falta o parteluz. No interior resalta o arco triunfal elíptico que nas súas formas tende á de ferradura e tamén hai que destacar as súas pinturas ao fresco de influencia astur.

**O CIPRÉS.** Ao lado da Capela eríxese un gran ciprés milenario de 25 metros de altura e duns 3,25 metros de perímetro que está considerado entre as 50 árbores máis notables de España, aínda que non teña tanta fama como o ciprés do mosteiro de

Santo Domingo de Silos.

O seu parche negro é causa dunha ferida ocasionada por un raio, aínda que circula unha lenda que di que a ferida foi ocasionada en 1926 ao prenderlle lume a un panal de abellas que quería-se eliminar da árbore. O parche cumpre a dobre función de protección e de axuda á rexeneración natural da árbore.

Na antigüidade, os cipreses eran considerados un símbolo de hospitalidade e plantábanse na porta das vivendas para indicar aos viaxeiros que se lles ofrecería comida e cama durante uns días. Foi declarado 'Árbore Singular de Galicia' no Código 41A mediante o Decreto 67/2007, do 22 de marzo.

**NA ACTUALIDADE.** A Capela do Ciprés vén sendo obxecto de visita para moitos turistas, curiosos, historiadores e peregrinos que se achegan cada ano a Samos para ver o Mosteiro de San Xulián e descubrir unha das árbores máis importantes e antigas da Península Ibérica.

Visitas guiadas, así como outras máis persoais, son organizadas por persoas de todas as partes do mundo ao seu paso polo Camiño Francés co fin de participar dun momento único.

Pero tamén, desde este ano e co cambio de Goberno local, a Capela do Ciprés acolle, desde xullo do ano 2023, a oficina de información turística do municipio para poder dar servizo aos turistas e peregrinos que chegan para visitar o Concello.

Ademais, alí celébranse diferen-

tes actos, como o organizado a principios de outubro do proxecto 'Interritmos sons do rural no Destino Courel', que contou con

actuacións musicais, narrativa, degustación de produtos locais e, sobre todo, a promulgación da cultura popular galega. En

definitiva, un lugar de encontro cultural e turístico para seguir dando vida a un lugar con moita historia.



## MADEIRA

SERVICIOS FUNERARIOS

Funerarias  
Tanatorios  
Seguros



Desde 1945

Diego Pazos, 34 27600 SARRIA - Lugo  
Teléfono y fax 982 53 00 15

funeraria@servimadeira.es www.tanatoriomadeira.es

*Pili Madeira*  
FLORISTERÍA

Calvo Sotelo, 137 Tel. 982 530 015 SARRIA (Lugo)

floristeria@servimadeira.es - www.floristeriamadeira.es

REGALOS & EVENTOS

## bicarelo

Calvo Sotelo 122 Bajo Izq - 27600 Sarria - Lugo  
Tel.: 982 88 65 85 / 633 22 69 88  
info@bicarelo.es